Conservatorio Profesional de Música de Carballo

PROGRAMACIÓN OFICIAL DA ASIGNATURA DE PERCUSIÓN DO GRAO ELEMENTAL E GRAO PROFESIONAL

Profesora: Mª Isabel Diego Calviño

Curso Escolar: 2026 / 2027

1. Introdución **5**
1.1 Relacións interdisciplinares **6**
2. Obxectivos xerais das ensinanzas **6**
2.1 Grao Elemental **6**
2.2 Grao Profesional **8**
3. Secuenciación do curso **9**
3.1 1º Curso de Grao Elemental **9**
3. 1. 1 Obxectivos 1º Curso de Grao Elemental 9
3.1. 2 Contidos 1º Curso de Grao Elemental 9
3. 1. 3 Obxectivos mínimos 1º Curso de Grao Elemental 10
3.1. 4 Criterios de avaliación 1º Curso de Grao Elemental 10
3. 1. 5 Recursos didácticos 11
3. 2 2º Curso de Grao Elemental **12**
3. 2. 1 Obxectivos 2º Curso de Grao Elemental 12
3. 2. 2 Contidos 2º Curso de Grao Elemental 13
3. 2. 3 Obxectivos mínimos 2º Curso de Grao Elemental 13
3. 2. 4 Criterios de avaliación 2º Curso de Grao Elemental 14
3. 2. 5 Recursos didácticos 15
3. 3 3º Curso de Grao Elemental **16**
3. 3. 1 Obxectivos 3º Curso de Grao Elemental 16
3. 3. 2 Contidos 3º Curso de Grao Elemental 17
3. 3. 3 Obxectivos mínimos 3º Curso de Grao Elemental 17
3. 3. 4 Criterios de avaliación 3º Curso de Grao Elemental 18
3. 3. 5 Recursos didácticos 19
3. 4 4º Curso de Grao Elemental **20**
3. 4. 1 Obxectivos 4º Curso de Grao Elemental 20
3. 4. 2 Contidos 4º Curso de Grao Elemental 21
3. 4. 3 Obxectivos mínimos 4º Curso de Grao Elemental 21
3. 4. 4 Criterios de avaliación 22
3. 4. 5 Recursos didácticos 22
3. 5 1º Curso de Grao Profesional **24**
3. 5. 1 Obxectivos 1º Curso de Grao Profesional 24
3. 5. 2 Contidos 1º Curso de Grao Profesional 25
3. 5. 3 Obxectivos mínimos 1º Curso de Grao Profesional 25

3. 5. 4 Criterios de avaliación 1º Curso de Grao Profesional 26
3. 5. 5 Recursos didácticos 27
3. 6 2º Curso de Grao Profesional 29
3. 6. 1 Obxectivos 2º Curso de Grao Profesional 29
3. 6. 2 Contidos 2º Curso de Grao Profesional 30
3. 6. 3 Obxectivos mínimos 30
3. 6. 4 Criterios de avaliación 31
3. 6. 5 Recursos didácticos 32
3. 7 3º Curso de Grao Profesional 35
3. 7. 1 Obxectivos 3º Curso de Grao Profesional 35
3. 7. 2 Contidos 3º Curso de Grao Profesional 36
3. 7. 3 Obxectivos mínimos 3º Curso de Grao Profesional 36
3. 7. 4 Criterios de avaliación 3º Curso de Grao Profesional 37
3. 7. 5 Recursos didácticos 39
3. 8 4º Curso de Grao Profesional 41
3. 8. 1 Obxectivos 41
3. 8. 2 Contidos 4º Curso de Grao Profesional 42
3. 8. 3 Obxectivos mínimos 4º Curso de Grao Profesional 42
3. 8. 4 Criterios de avaliación 4º Curso de Grao Profesional 43
3. 8. 5 Recursos didácticos 45
3. 9 5º Curso de Grao Profesional 47
3. 9. 1 Obxectivos 5º Curso de Grao Profesional 47
3. 9. 2 Contidos 5º Curso de Grao Profesional 48
3. 9. 3 Obxectivos mínimos 5º Curso de Grao Profesional 49
3.9.4. Criterios de avaliación 5º Curso de Grao Profesional 49
3. 9. 5 Recursos didácticos 51
3. 10 6º Curso de Grao Profesional 54
3. 10. 1 Obxectivos 6º Curso de Grao Profesional 54
3. 10. 2 Contidos 6º Curso de Grao Profesional 55
3. 10. 3 Obxectivos mínimos 6º Curso de Grao Profesional 56
3. 10. 4 Criterios de avaliación 6º Curso de Grao Profesional 57
3. 10. 5 Recursos didácticos 58
4. Metodoloxía 60
4.1 Organización do tempo e do espazo 60
4.2 Principios metodolóxicos 61
4.3 Métodos didácticos 62

4.4 Profesorado ... **63**
4.5 Contextos de aprendizaxe ... **64**
5. Atención a la diversidade ... **66**
5.1 Criterios de atención á diversidade ... **66**
5.2 Alumnado con discapacidade ... **67**
6. Temas transversais ... **67**
6.1 Educación en valores ... **67**
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas ... **68**
7.1 Actividades do departamento de percusión ... **68**
7.2 Actividades extraescolares ... **69**
8. Procedemento de avaliación ... **69**
8.1 Criterios de cualificación ... **69**
9. Probas de acceso ... **70**
9.1 Probas de acceso 1º Curso de Grao Profesional ... **70**
9. 1. 1 Contidos proba de acceso ... 70
9. 2 Probas de acceso a outros cursos. ... **71**
9. 2. 1 Contidos acceso 2º Curso de Grao Elemental ... 71
9. 2. 2 Contidos acceso 3º Curso de Grao Elemental ... 72
9. 2. 3 Contidos acceso 4º Curso de Grao Elemental ... 72
9. 2. 4 Contidos acceso 2º Curso de Grao Profesional ... 73
9. 2. 5 Contidos acceso 3º Curso de Grao Profesional ... 73
9. 2. 6 Contidos acceso 4º Curso de Grao Profesional ... 74
9. 2. 7 Contidos acceso 5º Curso de Grao Profesional ... 75
9. 2. 8 Contidos acceso 6º Curso de Grao Profesional ... 75
9. 2. 9 Criterios de avaliación e cualificación ... 76
9. 3 Probas extraordinarias ... **77**
9. 3. 1 Convocatoria extraordinaria de xuño ... 77
9. 3. 2 Criterios de cualificación ... 78
9. 4 Acceso a outros cursos ... **79**
9. 4. 1 Criterios de cualificación ... 79
9. 5 Ampliacións ... **79**
9. 5. 1 Criterios de cualificación ... 80

1. Introdución

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 perceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior Decreto 198/2007 do 27 de setembro.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

A presente programación concreta a nivel de aula a formación poliinstrumental propia da percusión (caixa, timbais, láminas, batería e multipercusión) e será o documento de referencia para a organización do traballo da especialidade no CMUS de Carballo.

Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferencias entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria. Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes. O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior. Se os alumnos tiveran entrado no conservatorio coa idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizarían o grao elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria. Na práctica a franxa de idade é variable, porque neste grao poden acceder ata os 14 anos.

1.1 Relacións interdisciplinares

Percusión: na materia de instrumento o alumno adquire unha técnica de base que lle posibilite a interpretación, por medio do dominio de diversos recursos de articulación, tempero, así como a preparación do instrumento para a obtención dunha correcta execución de diferentes repertorios vencellados ao propio instrumento.

Linguaxe musical: Na materia de linguaxe musical, o alumno aprende a relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística. A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, aspectos básicos que integran a práctica instrumental.

Educación auditiva e vogal: Esta materia e a especialidade instrumental comparten os obxectivos de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable así como afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

Conxunto e Banda: A formación rítmica do alumnado de percusión é base para a súa participación en agrupacións. Coordínase a lectura a primeira vista e o control rítmico en grupo.

2. Obxetivos xerais das ensinanzas

2.1 Grao Elemental

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación. Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
f) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
g) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
h) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais. Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Na especialidade de percusión estas capacidades concrétanse no dominio progresivo da técnica poliinstrumental, no desenvolvemento do sentido rítmico e da coordinación, e na adquisición de hábitos de estudo autónomo con metrónomo e control postural.

2.2 Grao Profesional

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a) Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal. Analizar e valorar a calidade da música. Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
c) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
d) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
e) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
f) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
g) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensábel no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Na percusión concrétanse no dominio dos diferentes agarres (matched, tradicional, Burton, Stevens), na calidade sonora estable en cada familia e na autonomía para a interpretación en público a solo e en conxunto.

3. Secuenciación do curso

3.1 1º Curso de Grao Elemental

3.1.1. Obxectivos 1º Curso de Grao Elemental

O1G1. Demostrar sensibilidade auditiva e coñecemento das posibilidades sonoras dos instrumentos de percusión.

O1GE2. Coñecer as diferentes formas de producir sons mediante baquetas e mans nos distintos instrumentos de percusión, incluíndo a multipercusión e a batería.

O1GE3. Aplicar a técnica de agarre básica matched (polgar e indicador, golpeo de pulso, baqueta solta).

O1GE4. Aplicar dixitación correcta nas láminas con mans alternas e desenvolver a coordinación básica necesaria para a interpretación en diferentes instrumentos de percusión.

O1GE5. Interpretar pezas elementais mantendo pulso estable con metrónomo.

3.1.2 Contidos 1º Curso de Grao Elemental

C1. Técnica básica de caixa: golpe simple, control de rebote e lectura en compases simples.

C2. Técnica básica de timbais: afinación en dúas notas e golpeo no centro do parche.

C3. Técnica básica de láminas: escala de Do M e dixitación correcta.

C4. Iniciación á multipercusión: distribución básica dos instrumentos, coordinación e interpretación de patróns sinxelos.

C5. Práctica de primeira vista e memorización de pequenos motivos.

C6. Improvisación dirixida e composicións propias como material de lectura.

3.1. 3 Obxectivos mínimos 1º Curso de Grao Elemental

ME1. Caixa: 5 estudos/obras do nivel con técnica matched estable.
ME2. Timbais: 3 estudos con afinación en 2 timbais.
ME3. Láminas: 4 pezas con 2 baquetas en marimba ou xilófono.
ME4. Set-up: 2 pezas de multipercusión sinxela.
ME5. Escalas e arpexios: Do M, Sol M e La m en láminas con metrónomo.

3.1. 4 Criterios de avaliación 1º Curso de Grao Elemental

CA1. Aplicar correctamente os principios básicos da técnica de percusión traballados durante o curso, mantendo unha posición corporal e un agarre adecuados ao nivel.

CA2. Producir un son estable e controlado nos diferentes instrumentos, empregando adecuadamente as baquetas ou as mans e adaptando o golpeo ás características de cada instrumento.

CA3. Executar os exercicios, estudos e pezas traballados mantendo un pulso estable e respectando os elementos rítmicos e técnicos propios do nivel, empregando o metrónomo cando corresponda.

CA4. Interpretar as pezas e estudos do curso respectando as indicacións básicas de tempo, dinámica, articulación e fraseo.

CA5. Aplicar os coñecementos técnicos básicos na interpretación de caixa, timbais, láminas e multipercusión, mostrando coordinación e control adecuados ao nivel.

CA6. Participar nas interpretacións de grupo mantendo o pulso, escoitando os demais intérpretes e adaptándose ao conxunto.

CA7. Desenvolver progresivamente hábitos de estudo e capacidade para

resolver, coa orientación necesaria, as dificultades técnicas e musicais das obras traballadas.

CA8. Participar activamente no propio proceso de aprendizaxe, mostrando unha actitude responsable e respectuosa na aula e cara ao traballo dos compañeiros.

3.1.5 Recursos didácticos

A continuación, enumero un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. A profesora será a encargada de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

CAIXA Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 1 (M. Jansen) Elementary Snare Drum Studies (M. Peters) Snare Drum… 1, 2 (E. Kopetzki) Fundamental Studies for Snare Drummer (G. Whaley) Primary handbook for Snare Drum (G. Whaley) Studies for Snare Drum Vol. 1: Elementary-Exercises (S. Fink)
TIMBAIS Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 1 (M. Jansen) Fundamental Method for Timpani (M. Peters) Fundamental Studies for Timpani (G. Whaley) Primary handbook for Timpani (G. Whaley) Graded Music for Timpani. Grade 1 (Hathway & I. Wright)

MARIMBA/XILÓFONO Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 1 (M. Jansen) Funny Mallets (N. J. Zivkovic) Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & I. Wright) Fundamental Studies for Mallets (G. Whaley) Primary handbook for Mallets (G. Whaley) 15 Estudios para Xilófono (M. Jorand) Grade 1 Les Claviers á percussions parcourent le monde Vol. 1 (E. Sejourné)
SET-UP Estudos/Obras	Método de Percusión Vol. 1 (M. Jansen) Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero) Multi-Pitch Rhythm Studies for Drums (R. Delp) Dinos Dance (E. Kopetzki)

3.2 2º Curso de Grao Elemental

3.2. 1 Obxectivos 2º Curso de Grao Elemental

O2GE1. Desenvolver a sensibilidade auditiva e a capacidade para recoñecer e controlar as diferentes posibilidades sonoras dos instrumentos de percusión traballados.

O2GE2. Aplicar diferentes formas de producir sons mediante baquetas e mans, adaptando o tipo de golpeo ás características de cada instrumento e ás necesidades da interpretación.

O2GE3. Consolidar a técnica básica de agarre, controlando o golpeo de pulso, o rebote e a posición das baquetas, e aplicándoa de maneira adecuada nos diferentes instrumentos.

O2GE4. Aplicar correctamente a dixitación nas láminas mediante o uso alternado das mans, mellorando progresivamente a coordinación e a fluidez da interpretación.

3.2. 2 Contidos 2º Curso de Grao Elemental

C1. Dificultade das obras adecuada ao nivel e relacionada cos coñecementos adquiridos na Linguaxe Musical.

C2. Desenvolvemento da técnica básica a partir das melodías e pezas traballadas.

C3. Rotación sistemática dos papeis nos traballos de grupo, favorecendo o coñecemento dos diferentes instrumentos.

C4. Improvisación individual e en grupo.

C5. Elaboración de composicións propias desde o inicio do curso, empregándoas tamén como material de lectura a primeira vista e como motivación para o traballo persoal na casa.

C6. Práctica da lectura a primeira vista e da memorización.

C7. Desenvolvemento psicomotor: percusión corporal, combinacións de mans, movemento corporal e coordinación.

C8. Iniciación e práctica da multipercusión e do set-up mediante patróns e pezas sinxelas adecuados ao nivel.

C9. Asistencia a cursos, audicións, intercambios e outras actividades musicais.

C10. Desenvolvemento da dixitación correcta nas láminas mediante o uso alternado das mans.

3.2. 3 Obxectivos mínimos 2º Curso de Grao Elemental

ME1. Caixa: 8 estudos/obras do nivel con técnica matched estable.

ME2. Timbais: 4 estudos con afinación en 2 timbais.

ME3. Láminas: 5 pezas con 2 baquetas en marimba ou xilófono.

ME4. Set-up: 3 pezas de multipercusión segundo o nivel.

ME5. Técnica específica de cada instrumento: tipos de golpe, escalas e outros recursos técnicos propios do nivel.

3.2. 4 Criterios de avaliación 2º Curso de Grao Elemental

CA1. Aplicar correctamente a técnica básica dos diferentes instrumentos de percusión, consolidando o agarre, o golpeo e o control do rebote segundo o nivel.

CA2. Producir un son estable e controlado, adaptando o tipo de golpeo, as baquetas ou as mans ás características dos diferentes instrumentos.

CA3. Executar os exercicios, estudos e pezas traballados mantendo un pulso estable e mostrando precisión nos elementos rítmicos e técnicos propios do nivel.

CA4. Interpretar as obras traballadas respectando as indicacións de tempo, dinámica, articulación e fraseo, mostrando progresivamente maior control expresivo.

CA5. Aplicar os coñecementos técnicos na interpretación de caixa, timbais, láminas e multipercusión, mostrando coordinación e control adecuados ao nivel.

CA6. Participar nas interpretacións de grupo mantendo o pulso, escoitando os demais intérpretes, respectando o seu papel e adaptándose ao conxunto.

CA7. Realizar lecturas a primeira vista e memorizar pequenos fragmentos ou pezas adecuados ao nivel, mantendo unha execución musicalmente coherente.

CA8. Desenvolver hábitos de estudo e mostrar progresiva autonomía na preparación das obras e na resolución das dificultades técnicas e musicais.

CA9. Participar en actividades de improvisación e creación musical, empregando os recursos técnicos e musicais traballados durante o curso.

CA10. Mostrar unha actitude responsable e participativa na aula, respectando o traballo propio e o dos compañeiros e colaborando adecuadamente nas actividades individuais e de grupo.

3.2. 5 Recursos didácticos

A continuación, enumero un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. A profesora será a encargada de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

CAIXA Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 2 (M. Jansen) Elementary Snare Drum Studies (M. Peters) Snare Drum… 3, 4 (E. Kopetzki) Fundamental Studies for Snare Drummer (G. Whaley) Primary handbook for Snare Drum (G. Whaley) Studies for Snare Drum Vol. 1: Elementary-Exercises (S. Fink)
TIMBAIS Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 2 (M. Jansen) Fundamental Method for Timpani (M. Peters) Fundamental Studies for Timpani (G. Whaley) Primary handbook for Timpani (G. Whaley) Graded Music for Timpani. Grade 1 (Hathway & I. Wright)
MARIMBA/XILÓFONO Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 2 (M. Jansen)

	Funny Mallets (N. J. Zivkovic) Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & I. Wright) Fundamental Studies for Mallets (G. Whaley) Primary handbook for Mallets (G. Whaley) 15 Estudios para Xilófono (M. Jorand) Grade 1 Les Claviers á percussions parcourent le monde Vol. 1 (E. Sejourné)
SET-UP Estudos/Obras	Método de Percusión Vol. 2 (M. Jansen) Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero) Multi-Pitch Rhythm Studies for Drums (R. Delp) Dinos Dance (E. Kopetzki)

3.3 3º Curso de Grao Elemental

3.3. 1 Obxectivos 3º Curso de Grao Elemental

O3GE1. Afianzar os diferentes agarres e técnicas básicas de percusión, aplicándoos de maneira adecuada aos diferentes instrumentos.

O3GE2. Desenvolver un maior empaste nas obras de grupo, mellorando a escoita e a coordinación cos demais intérpretes.

O3GE3. Desenvolver unha autonomía progresiva fronte á partitura, comprendendo as indicacións musicais e técnicas necesarias para a súa interpretación.

O3GE4. Interpretar un repertorio de conxunto de diferentes estilos, adaptándose ás características musicais de cada obra.

O3GE5. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces que permitan abordar progresivamente o traballo autónomo.

3.3. 2 Contidos 3º Curso de Grao Elemental

C1. Combinacións, acentos e redobres na caixa.

C2. Manexo de polo menos tres tonalidades nas pezas traballadas.

C3. Técnica de arpexios e movementos escalares derivados das melodías.

C4. Desenvolvemento do control da calidade sonora nos timbais e na percusión de man mediante a práctica das diferentes zonas de golpeo, técnicas de execución e dinámicas adecuadas ao nivel.

C5. Obras solistas: comprensión da obra, control técnico e desenvolvemento progresivo da interpretación.

C6. Lectura a primeira vista, mediante composicións dos alumnos e outros materiais adecuados ao nivel; improvisación rítmica, melódica e de grupo; e traballo da memoria.

C7. Asistencia a cursos, audicións, intercambios e outras actividades musicais.

3.3.3 Obxectivos mínimos 3º Curso de Grao Elemental

ME1. Caixa: 9 estudos/obras do nivel.

ME2. Timbais: 5 estudos do nivel.

ME3. Láminas: 5 pezas do nivel.

ME4. Set-up: 2 obras ou 3 estudos segundo o nivel.

ME5. Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ao nivel.

ME6. Técnica específica de cada instrumento: tipos de golpe, escalas e outros

recursos técnicos propios do nivel.

3. 3. 4.Criterios de avaliación 3º Curso de Grao Elemental

CA1. Aplicar correctamente as diferentes técnicas e agarres traballados, adaptando a execución ás características dos distintos instrumentos e aos matices indicados.

CA2. Controlar a calidade do son nos diferentes instrumentos, empregando adecuadamente as zonas de golpeo, as técnicas de execución e as dinámicas propias do nivel.

CA3. Executar os exercicios, estudos e pezas traballados con precisión rítmica e técnica, mantendo un pulso estable e mostrando control progresivo dos diferentes elementos musicais.

CA4. Interpretar obras solistas e de conxunto comprendendo as súas características básicas e respectando o tempo, a dinámica, a articulación, o fraseo e o estilo.

CA5. Participar nas interpretacións de grupo mostrando capacidade de escoita, coordinación e adaptación aos demais intérpretes, contribuíndo ao empaste do conxunto.

CA6. Mostrar progresiva autonomía fronte á partitura, empregando hábitos de estudo eficaces e resolvendo, coa orientación necesaria, as dificultades técnicas e musicais.

CA7. Realizar lecturas a primeira vista e participar en actividades de improvisación rítmica, melódica e de grupo, así como en exercicios de memoria, de acordo co nivel.

CA8. Mostrar unha actitude responsable e participativa na aula, mantendo unha disposición adecuada cara ao traballo propio e ao dos compañeiros.

3. 3. 5 Recursos didácticos

A continuación, enumero un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. A profesora será a encargada de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

CAIXA Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 3 (M. Jansen) Elementary Snare Drum Studies (M. Peters) Intermediate Snare Drum Studies (M. Peters) Flamming Snare (E. Kopetzki) Fundamental Studies for Snare Drummer (G. Whaley) Primary handbook for Snare Drum (G. Whaley) Studies for Snare Drum Vol. 1: Elementary-Exercises (S. Fink)
TIMBAIS Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 3 (M. Jansen) Fundamental Method for Timpani (M. Peters) Fundamental Studies for Timpani (G. Whaley) Primary handbook for Timpani (G. Whaley) Graded Music for Timpani. Grade 1 (Hathway & I. Wright)

MARIMBA/XILÓFONO Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 3 (M. Jansen) Funny Mallets (N. J. Zivkovic) Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & I. Wright) Fundamental Studies for Mallets (G. Whaley) Primary handbook for Mallets (G. Whaley) 15 Estudios para Xilófono (M. Jorand) Grade 1 Les Claviers á percussions parcourent le monde Vol. 1 (E. Sejourné)
SET-UP Estudos/Obras	Método de Percusión Vol. 3 (M. Jansen) Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero) Multi-Pitch Rhythm Studies for Drums (R. Delp) Fata Morgana (E. Kopetzki)

3. 4 4º Curso de Grao Elemental

3.4. 1 Obxectivos 4º Curso de Grao Elemental

O4GE1. Interpretar repertorio solista de memoria, mostrando control técnico e musical adecuado ao nivel.

O4GE2. Interpretar un repertorio de conxunto de diferentes estilos, escoitándose e adaptándose ao resto dos músicos.

O4GE3. Improvisar como solista e en grupo, empregando recursos rítmicos e musicais traballados durante o curso.

O4GE4. Conseguir unha autonomía progresiva fronte á partitura, comprendendo e aplicando as súas indicacións musicais e técnicas.

O4GE5. Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces que permitan preparar

o repertorio con progresiva autonomía.

3. 4. 2 Contidos 4º Curso de Grao Elemental

C1. Afinación dos timbais por glissando ascendente.

C2. Exercicios en diferentes tonalidades e velocidades con láminas.

C3. Aplicación de ritmos baseados nos rudimentos e nas súas combinacións na batería ou *set-up*, e a súa interpretación.

C4. Práctica da lectura a primeira vista e da memorización.

C5. Preparación específica do repertorio e dos contidos correspondentes ao exame de Pase de Grao, con especial dedicación durante o último mes do curso.

C6. Asistencia a cursos, audicións, intercambios e outras actividades musicais.

3. 4. 3 Obxectivos mínimos 4º Curso de Grao Elemental

ME1. Caixa: 9 estudos/obras do nivel.

ME2. Timbais: 6 estudos do nivel.

ME3. Láminas: 6 estudos/pezas do nivel.

ME4. *Set-up*: 3 estudos ou 2 pezas do nivel.

ME5. Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ao nivel.

ME6. Técnica específica de cada instrumento: tipos de golpe, escalas e outros recursos técnicos propios do nivel.

3. 4. 4 Criterios de avaliación

CA1. Aplicar correctamente as diferentes técnicas de percusión traballadas, mantendo unha posición corporal e un agarre adecuados e adaptando a execución aos diferentes instrumentos.

CA2. Executar os exercicios, estudos e pezas traballados con precisión rítmica e técnica, mantendo un pulso estable e respectando as indicacións de tempo, dinámica, articulación e fraseo.

CA3. Afinar os timbais mediante os procedementos traballados durante o curso, mostrando control e precisión na afinación.

CA4. Interpretar repertorio solista e de conxunto de diferentes estilos, mostrando control técnico e musical e capacidade para escoitarse e adaptarse ao conxunto.

CA5. Mostrar progresiva autonomía fronte á partitura, empregando hábitos de estudo eficaces e resolvendo, coa orientación necesaria, as dificultades técnicas e musicais.

CA6. Realizar lecturas a primeira vista, interpretar repertorio de memoria e participar en actividades de improvisación, de acordo co nivel.

CA7. Mostrar unha actitude responsable e participativa na aula, respectando o traballo propio e o dos compañeiros e colaborando adecuadamente nas actividades individuais e de grupo.

CA8. Preparar e interpretar o repertorio destinado ás audicións e ao exame de Pase de Grao, mostrando o nivel de preparación, concentración e seguridade adecuado á situación.

3. 4. 5 Recursos didácticos

A continuación, enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos

deste curso a través do seu estudo. A profesora será a encargada de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

CAIXA Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 4 (M. Jansen) Elementary Snare Drum Studies (M. Peters) Intermediate Snare Drum Studies (M. Peters) Flamming Snare (E. Kopetzki) Fundamental Studies for Snare Drummer (G. Whaley) Primary handbook for Snare Drum (G. Whaley) Studies for Snare Drum Vol. 1: Elementary-Exercises (S. Fink)
TIMBAIS Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 4 (M. Jansen) Fundamental Method for Timpani (M. Peters) Fundamental Studies for Timpani (G. Whaley) Primary handbook for Timpani (G. Whaley) Graded Music for Timpani. Grade 2 (Hathway & I. Wright)
MARIMBA/XILÓFONO Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 4 (M. Jansen) Funny Mallets (N. J. Zivkovic) Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & I. Wright) Baobab (E. Kopetzki) Fundamental Studies for Mallets (G. Whaley) Primary handbook for Mallets (G. Whaley) 15 Estudios para Xilófono (M. Jorand) Grade 1 Les Claviers á percussions

	parcourent le monde Vol. 1 (E. Sejourné)
SET-UP Estudos/Obras	Método de Percusión Vol. 4 (M. Jansen) Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero) Multi-Pitch Rhythm Studies for Drums (R. Delp) Fata Morgana (E. Kopetzki)

3. 5 1º Curso de Grao Profesional

3.5.1 Obxectivos 1º Curso de Grao Profesional

O1GP1. Valorar a esixencia dunha correcta calidade sonora na interpretación, adecuándoa ás características dos diferentes instrumentos e estilos.

O1GP2. Controlar as diferentes técnicas de agarre e execución, aplicándoas de maneira adecuada aos distintos instrumentos de percusión.

O1GP3. Desenvolver progresivamente unha maior autonomía fronte á partitura, empregando os recursos técnicos e musicais necesarios para resolver cuestións relacionadas coa interpretación.

O1GP4. Valorar a importancia do traballo individual de calidade como medio para acadar os obxectivos propostos.

3. 5. 2 Contidos 1º Curso de Grao Profesional

C1. Análise e práctica dos rudimentos e das pezas rudimentais na caixa, así como de estudos non rudimentais e exercicios técnicos.

C2. Desenvolvemento da técnica dos timbais mediante o traballo do son ligado e *staccato*, os exercicios técnicos, as composicións propias, o redobre e as diferentes técnicas de baquetación.

C3. Desenvolvemento da técnica de láminas mediante a lectura á primeira vista e a improvisación.

C4. Técnica de catro baquetas: práctica progresiva desde pezas con mans separadas ata pezas nas que interveñan ambas as mans.

C5. Técnica de dúas baquetas mediante o estudo de pezas de carácter popular e estudos técnicos.

C6. Improvisación baseada no emprego de floreos e notas de paso.

C7. Coordinación e interpretación no *set-up*, mediante o emprego dos rudimentos e a práctica de diferentes estilos, así como o estudo de pezas para solista.

C8. Desenvolvemento da capacidade de lectura á primeira vista, memoria e autonomía no traballo das obras e estudos.

3. 5. 3 Obxectivos mínimos 1º Curso de Grao Profesional

ME1. Caixa: 8 estudos ou obras do nivel.

ME2. Timbais: 6 estudos ou obras do nivel.

ME3. Láminas: 3 pezas a dúas baquetas e 3 estudos ou pezas a catro baquetas.

ME4. *Set-up*: 2 estudos ou obras do nivel.

ME5. Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ao nivel.

ME6. Técnica específica de cada instrumento: dominio progresivo dos diferentes tipos de golpe, agarres, técnicas de execución e outros recursos técnicos propios do nivel.

ME7. Lectura, memoria e improvisación: práctica da lectura á primeira vista, interpretación de memoria e improvisación de acordo co nivel do curso.

3. 5. 4 Criterios de avaliación 1º Curso de Grao Profesional

CA1. Aplicar correctamente as diferentes técnicas de agarre e execución traballadas, adaptándoas ás características dos distintos instrumentos e ás necesidades interpretativas.

CA2. Controlar a calidade sonora nos diferentes instrumentos, empregando adecuadamente as zonas de golpeo, as técnicas de execución, a articulación e as dinámicas propias do nivel.

CA3. Executar os exercicios, estudos e obras traballados con precisión rítmica e técnica, mantendo un pulso estable e mostrando control progresivo dos diferentes elementos musicais.

CA4. Interpretar estudos e obras para caixa e timbais controlando os aspectos técnicos propios de cada instrumento, incluíndo a afinación, os cambios de pedal, o redobre, a baquetación e as diferentes técnicas de golpeo.

CA5. Interpretar obras para láminas empregando correctamente as técnicas de dúas e catro baquetas, así como os recursos de ataque, apagado e articulación adecuados a cada obra.

CA6. Resolver adecuadamente as dificultades técnicas e interpretativas propias do *set-up*, coordinando os diferentes instrumentos e realizando os cambios de baquetas e eleccións tímbricas necesarios.

CA7. Mostrar progresiva autonomía fronte á partitura, identificando e resolvendo os problemas técnicos e musicais que se presenten durante o estudo e a interpretación.

CA8. Aplicar hábitos de estudo individual eficaces, mostrando capacidade de autocrítica e de valoración do propio traballo para acadar os obxectivos propostos.

CA9. Interpretar de memoria, realizar lecturas á primeira vista e desenvolver propostas de improvisación adecuadas ao nivel, empregando os recursos técnicos e musicais traballados durante o curso.

3. 5. 5 Recursos didácticos

A continuación, enumero un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. A profesora será a encargada de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

CAIXA todos/Estudos	Método de Percusión Vol. 5 (M. Jansen) Intermediate Snare Drum Studies (M. Peters) 150 Rudimental Solos (C. Wilcoxon) 28 Miniaturas (M. Jorand) Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 3-4

TIMBAIS Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 5 (M. Jansen) Fundamental Method for Timpani (M. Peters) Fundamental Studies for Timpani (G. Whaley) Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley) Graded Music for Timpani. Grade 3-4 (Hathway & I. Wright) Alpine Slide (J. Beck) Tune Up (S. Feldstein) Grand Teton (J. Beck)
MARIMBA/XILÓFONO Métodos/Estudos-obras	Método de Percusión Vol. 5 (M. Jansen) Funny Marimba (N.J. Zivkovic) Chant for Marimba (M. Peters) Three Pieces for Three Mallets (M. Peters) Malletrix (J. Spears) Play Seven (W. Stadler) Teardrops (M. Peters) Baobab (E. Kopetzki) Marimba Joy (E. Kopetzki) Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & I. Wright)

VIBRÁFONO Métodos/Estudos-obras	Samba de cacao (E. Kopetzki) Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels) Vibraphone Technique (D. Friedman) Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic) Vibraphone Technique (D. Friedman) Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1 19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné)
SET-UP Estudos/Obras	Método de Percusión Vol. 5 (M. Jansen) Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero) Studies in Solo Percussion (M. Goldenberg) Rondo (M. Peters) Groove Yard (E. Kopetzki) Beat Box (E. Kopetzki) Syncopation for the Modern Drummer (T. Reed) Ultimate Play-Along (D.Weckl)

3. 6 2º Curso de Grao Profesional

3. 6. 1 Obxectivos 2º Curso de Grao Profesional

O2GP1. Valorar e controlar a calidade sonora, adecuándoa ás características dos diferentes instrumentos, técnicas de execución e estilos interpretativos.

O2GP2. Perfeccionar e aplicar as diferentes técnicas de agarre e execución, adaptándoas ás necesidades técnicas e interpretativas de cada instrumento.

O2GP3. Desenvolver unha maior autonomía fronte á partitura para identificar e

resolver cuestións técnicas e musicais relacionadas coa interpretación.

O2GP4. Valorar a importancia do traballo individual de calidade e da aplicación de hábitos de estudo eficaces para acadar os obxectivos propostos.

3.6. 2 Contidos 2º Curso de Grao Profesional

C1. Caixa: perfeccionamento e control dos rudimentos traballados e aplicación dos mesmos ao repertorio.

C2. Timbais: traballo das diferentes articulacións, redobres, técnica de dedos, cruces e apagados.

C3. Timbais: práctica dos cambios de afinación e desenvolvemento do control da afinación durante a interpretación.

C4. Láminas: lectura á primeira vista e improvisación. Perfeccionamento da técnica de catro baquetas.

C5. Vibráfono: técnica de *punteo*, acordes e inversións, incluíndo a súa apertura e peche, continuación do traballo de apagado coa maza e utilización do pedal.

C6. *Set-up*: desenvolvemento da coordinación mediante progresións rítmicas e aplicación a diferentes estilos.

C7. *Set-up*: interpretación de dúos, pezas de grupo e obras para solista.

3.6.3 Obxetivos mínimos 2º Curso de Grao Profesional

ME1. Caixa: 8 estudos ou obras do nivel, aplicando con solvencia os rudimentos traballados.

ME2. Timbais**:** 6 estudos ou obras do nivel, incluíndo traballo de articulacións, redobre, técnica de dedos, cruces, apagados e cambios de afinación.

ME3. Láminas: 3 pezas a dúas baquetas e 3 estudos ou pezas a catro

baquetas do nivel.

ME4. Vibráfono: 3 estudos ou obras que inclúan o emprego do pedal, técnicas de apagado, *punteo*, acordes e inversións.

ME5. *Set-up*: 2 estudos ou obras que inclúan coordinación de diferentes instrumentos e aplicación a diferentes estilos.

ME6. Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ao nivel, aplicando a técnica específica de cada instrumento.

ME7. Lectura, memoria e improvisación: práctica da lectura á primeira vista, interpretación de memoria e improvisación adecuadas ao nivel do curso.

3.6.4 Criterios de avaliación 2º Curso de Grao Profesional

CA1. Aplicar correctamente as diferentes técnicas de agarre e execución, adaptándoas ás características dos instrumentos e ás necesidades técnicas e interpretativas das obras.

CA2. Controlar a calidade sonora nos diferentes instrumentos, empregando adecuadamente as técnicas de execución, as articulacións, as dinámicas e as zonas de golpeo propias do nivel.

CA3. Executar os estudos e obras traballados con precisión rítmica, técnica e musical, mantendo un pulso estable e mostrando control dos diferentes elementos da interpretación.

CA4. Interpretar estudos e obras para caixa e timbais controlando os rudimentos, articulacións, redobres, técnica de dedos, cruces, apagados e cambios de afinación.

CA5. Interpretar obras para láminas e vibráfono empregando correctamente as técnicas de dúas e catro baquetas, o *punteo*, os acordes e as inversións, así como as técnicas de apagado e o uso adecuado do pedal.

CA6. Resolver as dificultades técnicas e interpretativas propias do *set-up*,

coordinando os diferentes instrumentos e realizando os cambios de baquetas e eleccións tímbricas adecuados.

CA7. Interpretar dúos, obras de grupo e pezas para solista mostrando capacidade de escoita, coordinación, adaptación ao conxunto e comprensión do estilo.

CA8. Mostrar progresiva autonomía fronte á partitura, identificando e resolvendo problemas técnicos e musicais mediante estratexias de estudo adecuadas.

CA9. Realizar lecturas á primeira vista, interpretacións de memoria e propostas de improvisación adecuadas ao nivel, aplicando os recursos técnicos e musicais traballados durante o curso.

CA10. Mostrar unha actitude responsable e positiva ante o traballo individual e colectivo, respectando o traballo dos demais e mostrando disposición para a superación das dificultades.

3. 6. 5 Recursos didácticos

A continuación, enumero un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. A profesora será a encargada de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportuno.

CAIXA todos/Estudos	Método de Percusión Vol. 6 (M. Jansen) Intermediate Snare Drum Studies (M. Peters) 150 Rudimental Solos (C. Wilcoxon) Musical Studies for the Intermediate Snare Drummer (G. Whaley) Rudimental Primer for the Snare Drummer (Peters) Snare Drum Rudiments (B. Rich) 28 Miniaturas (M. Jorand) Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 4-5
TIMBAIS Métodos/Estudos	Método de Percusión Vol. 6 (M. Jansen) Fundamental Method for Timpani (M. Peters) Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley) Graded Music for Timpani. Grade 4-5 (Hathway & I. Wright) Alpine Slide (J. Beck) Snake River (J. Beck) Scherzo (Peters)

MARIMBA/XILÓFONO Métodos/Estudos-obras	Método de Percusión Vol. 6 (M. Jansen) Funny Marimba (N.J. Zivkovic) Chant for Marimba (M. Peters) Three Pieces for Three Mallets (M. Peters) Malletrix (J. Spears) Play Seven (W. Stadler) Teardrops (M. Peters) Baobab (E. Kopetzki) Marimba Joy (E. Kopetzki) Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & I. Wright) Waves for Marimba (M. Peters) Three Pieces for Three Mallets (M. Peters) Reflex (W. Stadler)
VIBRÁFONO Métodos/Estudos-obras	Samba de cacao (E. Kopetzki) Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels) Vibraphone Technique (D. Friedman) Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic) Vibraphone Technique (D. Friedman) Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1 19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné)

SET-UP Estudos/Obras	Método de Percusión Vol. 6 (M. Jansen) Estudios Progresivos de Multipercusión (S. Pelejero) Studies in Solo Percussion (M. Goldenberg) Rondo (M. Peters) Groove Yard (E. Kopetzki) Perpetual Motion (M. Peters) Morris Dance (W. Kraft) Introduction and Waltz (M. Peters) 2-4-1 (W. Kraft) Beat Box (E. Kopetzki) Syncopation for the Modern Drummer (T. Reed) Ultimate Play-Along (D.Weckl)

3. 7 3º Curso de Grao Profesional

3. 7. 1 Obxectivos 3º Curso de Grao Profesional

O3GP1. Valorar e controlar a calidade sonora, adecuándoa ás características dos diferentes instrumentos, técnicas de execución, dinámicas e estilos interpretativos.

O3GP2. Perfeccionar e aplicar as diferentes técnicas de agarre e execución, adaptándoas ás necesidades técnicas e interpretativas de cada instrumento.

O3GP3. Desenvolver unha maior autonomía fronte á partitura para identificar e resolver cuestións técnicas e musicais relacionadas coa interpretación.

O3GP4. Valorar a importancia do traballo individual de calidade e da aplicación de hábitos de estudo eficaces para acadar os obxectivos propostos.

3. 7. 2 Contidos 3º Curso de Grao Profesional

C1. Caixa: control e aplicación dos diferentes rudimentos, traballando os acentos, as diferentes velocidades, os matices e outros recursos técnicos e interpretativos.

C2. Timbais: perfeccionamento das diferentes articulacións, redobres, técnica de dedos, cruces e apagados.

C3. Timbais: práctica dos cambios de afinación e desenvolvemento do control da calidade sonora e da afinación durante a interpretación.

C4. Marimba: desenvolvemento da técnica de Musser e Stevens e aplicación ao repertorio.

C5. Vibráfono: perfeccionamento das técnicas de apagado coa maza e utilización do pedal.

C6. Xilófono: técnica de escalas, arpexios e inversións. Estudos melódicos e técnicos.

C7. *Set-up*: resolución das dificultades derivadas da combinación de diferentes instrumentos, traballando os matices, os cambios de baquetas e a elección dos timbres adecuados. Aplicación a diferentes estilos: *rock*, *bossa nova*, *samba* e *salsa*.

C8. Pequena percusión: práctica dos ritmos básicos e desenvolvemento da técnica específica dos diferentes instrumentos.

C9. Repertorio orquestral e de banda: estudo e interpretación de obras e fragmentos representativos do repertorio, en coordinación con outros departamentos.

3. 7. 3 Obxectivos mínimos 3º Curso de Grao Profesional

ME1. Caixa: 5 estudos e 3 pezas de carácter orquestral ou rudimental do nivel.

ME2. Timbais: 6 estudos ou obras do nivel, incluíndo traballo de afinación, redobre, articulacións, cambios de pedal, apagados e diferentes técnicas de golpeo.

ME3. Marimba: 3 estudos ou pezas a dúas baquetas e 3 estudos ou pezas a catro baquetas do nivel, aplicando as técnicas de Burton e Stevens.

ME4. Vibráfono: estudos ou obras do nivel que inclúan o emprego do pedal e as diferentes técnicas de apagado.

ME5. Xilófono: estudos ou obras do nivel que inclúan escalas, arpexios, inversións e traballo melódico e técnico.

ME6. *Set-up*: 4 estudos ou obras que impliquen a combinación de diferentes instrumentos e a interpretación de diferentes estilos.

ME7. Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ao nivel e aplicación da técnica específica de cada instrumento.

ME8. Lectura, memoria e improvisación: práctica da lectura á primeira vista, interpretación de memoria e improvisación adecuadas ao nivel.

ME9. Repertorio orquestral e de banda: preparación de fragmentos representativos do repertorio correspondente ao nivel.

3. 7. 4 Criterios de avaliación 3º Curso de Grao Profesional

CA1. Aplicar correctamente as diferentes técnicas de agarre e execución, adaptándoas ás características dos instrumentos e ás necesidades técnicas e interpretativas das obras.

CA2. Controlar a calidade sonora nos diferentes instrumentos, empregando adecuadamente as zonas de golpeo, as articulacións, os matices e as técnicas de execución propias do nivel.

CA3. Interpretar estudos e obras para caixa demostrando control dos rudimentos, do redobre, dos diferentes matices, das velocidades e dos recursos

técnicos e interpretativos traballados.

CA4. Interpretar estudos e obras para timbais controlando a afinación, os cambios de pedal, as diferentes articulacións, o redobre, os apagados e as distintas técnicas de golpeo segundo o matiz e o carácter da obra.

CA5. Interpretar obras para marimba empregando correctamente as técnicas de dúas e catro baquetas e aplicando os principios técnicos de Musser e Stevens.

CA6. Interpretar obras para vibráfono utilizando correctamente o pedal e as diferentes técnicas de apagado coa maza.

CA7. Interpretar estudos e obras para xilófono aplicando correctamente as técnicas de escalas, arpexios e inversións, así como os recursos melódicos e técnicos propios do instrumento.

CA8. Resolver as dificultades técnicas e interpretativas propias do *set-up*, coordinando os diferentes instrumentos e realizando adecuadamente os cambios de baquetas e a elección dos timbres, segundo as características dos diferentes estilos.

CA9. Interpretar repertorio de pequena percusión, orquestral e de banda aplicando correctamente as técnicas específicas de cada instrumento e adaptándose ás necesidades interpretativas do conxunto.

CA10. Mostrar progresiva autonomía fronte á partitura, identificando e resolvendo problemas técnicos e musicais mediante estratexias de estudo adecuadas.

CA11. Mostrar capacidade de autocrítica e aplicar hábitos de estudo eficaces para mellorar progresivamente a interpretación e acadar os obxectivos propostos.

CA12. Mostrar unha actitude responsable e positiva ante o traballo individual e colectivo, respectando o traballo dos demais e mostrando disposición para a superación das dificultades.

3. 7. 5 Recursos didácticos

A continuación, enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. A profesora será a encargada de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

CAIXA todos/Estudos	Intermediate Snare Drum Studies (M. Peters) 150 Rudimental Solos (C. Wilcoxon) Musical Studies for the Intermediate Snare Drummer (G. Whaley) Rudimental Primer for the Snare Drummer (Peters) Snare Drum Rudiments (B. Rich) Five Snare Drum Solos (K. Reichelt) Flam-Able (Michael Roy) Massages from Outer Space (J. Sponsel) Three Dances (Benson) Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 5-6
TIMBAIS Métodos/Estudos	Fundamental Method for Timpani (M. Peters) Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley) Graded Music for Timpani. Grade 5-6 (Hathway & I. Wright) Alpine Slide (J. Beck) Snake River (J. Beck) Scherzo (Peters)

MARIMBA/XILÓFONO Métodos/Estudos-obras	Instruction Course for Xylophone (G.H. Green) Modern School for Xylophone (M. Goldemberg) Rain Dance (A. Gomez) Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 6-7 Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley) Furioso and Valse (E. Hatch) Waves for Marimba (M. Peters) Yellow After the Rain (M. Peters) Equidistant Mallets (W. Stadler) Generalife (E. Sejourné) Marimba flamenca (A. Gómez) La Valse (E. Kopetzki)
VIBRÁFONO Métodos/Estudos-obras	Samba de cacao (E. Kopetzki) Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels) Vibraphone Technique (D. Friedman) Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic) Vibraphone Technique (D. Friedman) Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1 19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné) Bee (E. Sejourné)
SET-UP Estudos/Obras	Método de Percusión Vol. 6 (M. Jansen) Estudios Progresivos de Multipercusión (S.

	Pelejero) Studies in Solo Percussion (M. Goldenberg) Rondo (M. Peters) Groove Yard (E. Kopetzki) Perpetual Motion (M. Peters) Morris Dance (W. Kraft) Beat Box (E. Kopetzki) Syncopation for the Modern Drummer (T. Reed) Ultimate Play-Along (D.Weckl)

3. 8 4º Curso de Grao Profesional

3. 8. 1 Obxectivos

O4GP1. Valorar e controlar a calidade sonora, adecuándoa ás características dos diferentes instrumentos, técnicas de execución, dinámicas e estilos interpretativos.

O4GP2. Perfeccionar e aplicar con solvencia as diferentes técnicas de agarre e execución, adaptándoas ás necesidades técnicas e interpretativas de cada instrumento.

O4GP3. Desenvolver unha maior autonomía fronte á partitura, empregando criterios propios para identificar, analizar e resolver cuestións técnicas e musicais relacionadas coa interpretación.

O4GP4. Valorar a importancia do traballo individual de calidade, da análise das obras e da aplicación de hábitos de estudo eficaces para acadar os obxectivos propostos.

3. 8. 2 Contidos 4º Curso de Grao Profesional

C1. Caixa: perfeccionamento do redobre pechado, diferenciación dos matices e dixitación aplicada ao repertorio.

C2. Timbais: control da afinación, cambios de pedal, movemento continuo, agarre e punto de pivote, traballo dos dedos e control das diferentes zonas de golpeo. Pases e cruces. Redobres ligados, curtos e *fp*.

C3. Marimba: desenvolvemento da independencia entre melodía e acompañamento. Movemento continuo, traballo do pivote e dobres laterais. Control das diferentes zonas de son nas láminas.

C4. Vibráfono: desenvolvemento da independencia entre melodía e acompañamento. Coordinación do apagado coa maza e utilización do pedal. Traballo do medio pedal.

C5. Xilófono: desenvolvemento do movemento continuo, dixitación e control progresivo da velocidade.

C6. *Set-up*: resolución das dificultades derivadas da combinación de diferentes instrumentos. Traballo dos matices, cambios de baquetas, elección dos timbres, coordinación e balance dos instrumentos, recheos e solos. Interpretación con metrónomo, claqueta ou bases pregravadas. Desenvolvemento dos ritmos básicos.

C7. Pequena percusión: desenvolvemento dos ritmos e da técnica básica dos diferentes instrumentos.

C8. Repertorio orquestral e de banda: estudo e interpretación de repertorio en coordinación co departamento de Orquestra e Banda.

3. 8. 3 Obxectivos mínimos 4º Curso de Grao Profesional

ME1. Caixa: 5 estudos ou pezas de carácter orquestral e 3 pezas de carácter rudimental.

ME2. Timbais: 6 estudos ou obras do nivel, incluíndo afinación, cambios de pedal, redobres, pases, cruces e diferentes técnicas de golpeo.

ME3. Marimba: 3 pezas a dúas baquetas e 3 pezas a catro baquetas do nivel.

ME4. Vibráfono: estudos ou obras do nivel que inclúan o emprego do pedal e diferentes técnicas de apagado, así como o traballo do medio pedal.

ME5. Xilófono: estudos ou obras do nivel que traballen o movemento continuo, a dixitación e o control da velocidade.

ME6. *Set-up*: 2 estudos ou obras que impliquen coordinación, balance dos instrumentos, cambios de baquetas e aplicación dos diferentes recursos interpretativos traballados.

ME7. Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ao nivel e aplicación da técnica específica de cada instrumento.

ME8. Lectura, memoria e improvisación: práctica da lectura á primeira vista, interpretación de memoria e improvisación adecuadas ao nivel.

ME9. Repertorio orquestral e de banda: preparación e interpretación de fragmentos representativos do repertorio correspondente ao nivel.

3. 8. 4 Criterios de avaliación 4º Curso de Grao Profesional

CA1. Interpretar as obras e estudos programados demostrando un control técnico e musical adecuado dos contidos traballados durante o curso.

CA2. Controlar a calidade sonora nos diferentes instrumentos, adecuando o tipo de golpe, a zona de son, a articulación, os matices e os recursos técnicos ás características de cada obra.

CA3. Interpretar estudos e obras para caixa e timbais demostrando control do redobre, dos matices, da dixitación, da afinación, dos cambios de pedal, dos pases, dos cruces e das diferentes técnicas de execución.

CA4. Interpretar obras para marimba demostrando independencia entre

melodía e acompañamento e controlando o movemento continuo, o pivote, os dobres laterais e as diferentes zonas de son.

CA5. Interpretar obras para vibráfono coordinando adecuadamente o apagado coa maza e o uso do pedal, incluíndo o emprego do medio pedal cando sexa necesario.

CA6. Interpretar obras para xilófono demostrando control do movemento continuo, da dixitación e da velocidade de execución.

CA7. Resolver con autonomía as dificultades propias do *set-up*, controlando a coordinación, o balance entre instrumentos, os matices, os cambios de baquetas e a elección dos timbres, tanto con metrónomo como con claqueta ou bases pregravadas.

CA8. Interpretar repertorio de pequena percusión, orquestral e de banda aplicando correctamente as técnicas específicas de cada instrumento e adaptándose ás necesidades do conxunto.

CA9. Mostrar autonomía interpretativa fronte á partitura, analizando as obras e establecendo criterios de estudo que permitan identificar e resolver progresivamente as dificultades técnicas e musicais.

CA10. Aplicar hábitos de estudo de calidade, mostrando capacidade de autocrítica e valorando de maneira autónoma os resultados do propio traballo.

CA11. Interpretar en público as obras traballadas mostrando control técnico, musical e escénico, así como capacidade para manter a concentración durante a interpretación.

CA12. Mostrar unha actitude responsable e comprometida ante o traballo individual e colectivo, respectando o traballo dos demais e participando activamente no proceso de aprendizaxe.

3. 8. 5 Recursos didácticos

A continuación, enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. A profesora será a encargada de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

CAIXA Métodos, estudos/obras	Musical Studies for the Intermediate Snare Drummer (G. Whaley) Snare Drum Rudiments (B. Rich) Intermediate studies for the Snare Drum (M. Peters) 150 Rudimental Solos (C. Wilcoxon) Modern Rudimental Swing Solos (C. Wilcoxon) Three Dances (Benson) Five Snare Drum Solos (K. Reichelt) Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 6-7
TIMBAIS Métodos, estudos/obras	Fundamental Method for Timpani (Peters) Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley) The Storm (Peters) Rondino (Peters) Flaming Forge (M. Roy) Intermediate Studies for Timpani (Peters) Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 5-6 Symphonic Studies for Timpani (N. Woud)

MARIMBA Métodos, estudos/obras	Method of Movement for Marimba (L.H. Stevens) Marimba Flamenca (A. Gomez) Yellow After the Rain (M. Peters) Rain Dance (A. Gomez) Generalife (E. Sejourné) Furioso and Valse (E. Hatch) Equidistant Mallets (W. Stadler) Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 6-7 Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley) Nancy (E. Sejourné) Etude in Mi menor (N. Rosauro) Monogram (E. Kopetzki) Ghanaia (M. Schmitt)
VIBRÁFONO Métodos, estudos/obras	Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels) Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman) Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic) Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman) Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1 y 2 19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné) Bee (E. Sejourné) Mirror From Another (D. Friedman) Blue Camp (B. Molenhof) Three songs for vibraphone (E. Kopetzki)

SET-UP	Studies in Solo Percussion (M. Goldemberg) Rondo (M. Peters) Perpetual Motion (M. Peters) Morris Dance (W. Kraft) Introduction and Waltz (M. Peters) French Suite (W. Kraft) Variaciones para cuatro toms (N. Rosauro) Beat box (E. Kopetzki)

3. 9 5º Curso de Grao Profesional

3. 9. 1 Obxectivos 5º Curso de Grao Profesional

O5GP1. Valorar e controlar a calidade sonora, adecuándoa ás características dos diferentes instrumentos, técnicas de execución, dinámicas e estilos interpretativos.

O5GP2. Perfeccionar e aplicar con solvencia as diferentes técnicas de agarre e execución, adaptándoas ás necesidades técnicas e interpretativas de cada instrumento.

O5GP3. Desenvolver unha elevada autonomía fronte á partitura para analizar, identificar e resolver cuestións técnicas e musicais relacionadas coa interpretación.

O5GP4. Valorar a importancia do traballo individual de calidade, da análise das obras e da aplicación de hábitos de estudo eficaces para acadar os obxectivos propostos.

O5GP5. Interpretar en público un repertorio de obras de diferentes estilos, con especial atención á interpretación en formacións de percusión combinada.

O5GP6. Interpretar obras en grupo sen director, mostrando precisión rítmica, capacidade de escoita e coñecemento global da estrutura e das características

da obra.

3. 9. 2 Contidos 5º Curso de Grao Profesional

C1. Caixa: perfeccionamento do redobre pechado, diferenciación dos matices, dixitación aplicada ao repertorio e dominio dos rudimentos.

C2. Timbais: control da afinación, cambios de pedal, movemento continuo, agarre e punto de pivote, traballo dos dedos e control das diferentes zonas de golpeo. Pases e cruces. Redobres ligados, curtos e *fp*.

C3. Marimba: desenvolvemento da independencia entre melodía e acompañamento. Perfeccionamento do movemento continuo, pivote e dobres laterais. Control das diferentes zonas de son.

C4. Vibráfono: desenvolvemento da independencia entre melodía e acompañamento. Coordinación do apagado coa maza e utilización do pedal. Aplicación do medio pedal.

C5. Xilófono: perfeccionamento do movemento continuo, da dixitación e do control da velocidade.

C6. *Set-up*: resolución das dificultades derivadas da combinación de diferentes instrumentos. Traballo dos matices, cambios de baquetas, elección dos timbres, coordinación, balance dos instrumentos, recheos e solos. Interpretación con metrónomo, claqueta e bases pregravadas. Desenvolvemento e aplicación dos ritmos básicos.

C7. Pequena percusión: desenvolvemento e aplicación dos ritmos básicos e da técnica específica dos diferentes instrumentos.

C8. Repertorio orquestral e de banda: estudo e interpretación de repertorio en coordinación co departamento de Orquestra e Banda.

C9. Música de conxunto: desenvolvemento da capacidade de interpretación sen director, traballando a escoita, a coordinación, a precisión rítmica, o balance e o coñecemento global da estrutura das obras.

3. 9. 3 Obxectivos mínimos 5º Curso de Grao Profesional

ME1. Caixa: 5 estudos de carácter orquestral, 3 pezas rudimentais e 1 obra do nivel.

ME2. Timbais: 4 estudos e 1 obra do nivel.

ME3. Marimba: 3 pezas a dúas baquetas e 3 obras a catro baquetas do nivel.

ME4. Vibráfono: estudos ou obras do nivel que inclúan o emprego do pedal, técnicas de apagado e medio pedal.

ME5. Xilófono: estudos ou obras do nivel que traballen o movemento continuo, a dixitación e o control da velocidade.

ME6. *Set-up*: 2 estudos ou obras que impliquen a combinación de diferentes instrumentos e a aplicación dos recursos técnicos e interpretativos traballados.

ME7. Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ao nivel e aplicación da técnica específica de cada instrumento.

ME8. Lectura, memoria e improvisación: práctica da lectura á primeira vista, interpretación de memoria e improvisación adecuadas ao nivel.

ME9. Repertorio orquestral e de banda: preparación e interpretación de fragmentos representativos do repertorio correspondente ao nivel.

ME10. Música de conxunto: interpretación de obras en grupo sen director, mostrando coordinación, precisión rítmica, escoita e coñecemento global da obra.

3. 9. 4 Criterios de avaliación 5º Curso de Grao Profesional

CA1. Interpretar as obras e estudos programados demostrando un elevado control técnico e musical dos contidos traballados durante o curso.

CA2. Controlar a calidade sonora nos diferentes instrumentos, adecuando o

tipo de golpe, a zona de son, a articulación, os matices e os recursos técnicos ás características de cada obra.

CA3. Interpretar estudos e obras para caixa e timbais demostrando dominio dos rudimentos, do redobre, da dixitación, da afinación, dos cambios de pedal, dos pases, dos cruces e das diferentes técnicas de execución.

CA4. Interpretar obras para marimba, vibráfono e xilófono demostrando dominio das técnicas específicas de cada instrumento e controlando a independencia entre melodía e acompañamento, o movemento continuo, o pedal, o apagado, a dixitación e a velocidade, segundo corresponda.

CA5. Resolver con autonomía as dificultades técnicas e interpretativas propias do *set-up*, controlando a coordinación, o balance entre instrumentos, os matices, os cambios de baquetas, a elección dos timbres e a adaptación aos diferentes estilos.

CA6. Interpretar repertorio de pequena percusión, orquestral e de banda aplicando correctamente as técnicas específicas de cada instrumento e adaptándose ás necesidades interpretativas do conxunto.

CA7. Mostrar unha elevada autonomía fronte á partitura, analizando as obras e establecendo criterios propios para identificar e resolver as dificultades técnicas e musicais.

CA8. Aplicar hábitos de estudo eficaces e demostrar capacidade de autocrítica, avaliando o propio traballo e establecendo estratexias de mellora.

CA9. Interpretar en público as obras traballadas mostrando control técnico, musical e escénico, capacidade de concentración e adaptación ás características de cada repertorio.

CA10. Interpretar obras de conxunto sen director mostrando precisión rítmica, capacidade de escoita, coordinación, equilibrio sonoro e coñecemento global da estrutura e das características da obra.

CA11. Mostrar unha actitude responsable, autónoma e comprometida ante o

traballo individual e colectivo, respectando o traballo dos demais e participando activamente no proceso de aprendizaxe.

3. 9. 5 Recursos didácticos

A continuación, enumeramos un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. A profesora será a encargada de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

CAIXA Métodos/Estudos-obras	Snare Drum Rudiments (B. Rich) Master Studies (J. Morello) Accents and Rebounds (G.L.Stone) Intermediate Studies for the Snare Drum (M. Peters) Advanced Studies for the Snare Drum (M. Peters) 13 Studies for Snare Drum (E. Kopetzki) 14 Contest Solos for Snare Drum (J. Pratt) Douce Etudes (J. Delecluse) Caixa D'orquesta (M. Ramada) Graded Music for Snare Drum (Hathway & Wright) Grade 7-8

TIMPANI Métodos/Estudos-obras	Musical Studies for the Intermediate Timpanist (G. Whaley) Intermediate Studies for Timpani (Peters) Symphonic Studies for the Timpani (N. Wood) Sonata for Timpani (J. Beck) Seven Solo Dances (G. Frock) Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 5-6
MARIMBA/XILÓFONO Métodos/Estudos-obras	Instruction Course for Xylophone (G.H. Green) Modern School for Xylophone (M. Goldemberg) Method of Movement for Marimba (L.H. Stevens) Etude Op. 6 No. 9 (C.O. Musser) Frogs (K. Abe) Ghanaia (M. Schmitt) Choro Bachiano (N. Rosauro) Etude 1 for Marimba (P. Smadbeck) Etude in C Major Op. 6 No. 10 (C.O. Musser) Graded Music for Tuned Percussion (Hathway & Wright) Grade 7-8 Musical Studies for the Intermediate Mallet Player (G. Whaley) Nancy (E. Sejournee) Restless (O'Meara) Xylophone Rags (G.H. Green) Etude in AbMajor (C.O. Musser) Rain Dance (Alice Gomez) Tune for Mary'O (Rich O'Meara) Marimba Meeting I (E. Kopetzki)

VIBRÁFONO Métodos/Estudos-obras	Contemporary Vibraphone Technique (D. Samuels) Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman) Funny Vibraphone (N.J. Zivkovic) Dampening and Pedaling: Vibraphone Technique (D. Friedman) Solobuch for Vibraphone (W. Schluter) Vol.1 19 Estudios Musicales de Vibraphone (E. Sejourné) Mirror From Another (D. Friedman) Blue Camp (B. Molenhof) Blues for Gilbert (M. Glentworth) Trilogy for Vibraphone (T. Huesgen) Viridiana (W. Shluter) Two Latin Songs for Vibraphone (E. Kopetzki) Ballade de Nala (P. Mendez)

SET-UP Estudos/obras	Perpetual Motion (M. Peters) French Suite (W. Kraft) English Suite (W. Kraft) Dualités (A. Miyamoto) Inspirations Diabolique (R. Tagawa) Kaling (G. Siracusa) Side by Side (M. Kitazume) The Love of L'Histoire (J. Delancey) Top-Tanz (E. Kopetzki) The Art of Bop Drumming (J. Riley)

3. 10 6º Curso de Grao Profesional

3. 10. 1 Obxectivos 6º Curso de Grao Profesional

O6GP1. Valorar e controlar a calidade sonora, adecuándoa ás características dos diferentes instrumentos, técnicas de execución, dinámicas e estilos interpretativos.

O6GP2. Dominar e aplicar con solvencia as diferentes técnicas de agarre e execución, adaptándoas ás necesidades técnicas e interpretativas de cada instrumento.

O6GP3. Desenvolver unha elevada autonomía fronte á partitura para analizar, identificar e resolver de maneira autónoma cuestións técnicas e musicais relacionadas coa interpretación.

O6GP4. Valorar a importancia do traballo individual de calidade, da análise das obras e da aplicación de hábitos de estudo eficaces para acadar os obxectivos propostos.

O6GP5. Interpretar en público un repertorio de obras de diferentes estilos, con especial atención á interpretación en formacións de percusión combinada.

O6GP6. Interpretar obras en directo e en formacións de conxunto, mostrando precisión rítmica, capacidade de escoita, coordinación e coñecemento global da estrutura e das características da obra.

O6GP7. Coñecer e aplicar os principios didácticos básicos necesarios para abordar a iniciación ao estudo dos diferentes instrumentos de percusión.

3. 10. 2 Contidos 6º Curso de Grao Profesional

C1. Caixa: perfeccionamento do redobre pechado, diferenciación dos matices, dixitación aplicada ao repertorio e dominio dos rudimentos.

C2. Timbais: control da afinación, cambios de pedal, movemento continuo, agarre e punto de pivote, traballo dos dedos e control das diferentes zonas de golpeo.

C3. Marimba: desenvolvemento da independencia entre melodía e acompañamento. Perfeccionamento do movemento continuo, pivote e dobres laterais. Control das diferentes zonas de son.

C4. Vibráfono: desenvolvemento da independencia entre melodía e acompañamento. Coordinación do apagado coa maza e utilización do pedal. Aplicación do medio pedal.

C5. Xilófono: perfeccionamento do movemento continuo, da dixitación e do control da velocidade.

C6. *Set-up*: resolución das dificultades derivadas da combinación de diferentes instrumentos. Control dos matices, cambios de baquetas, elección dos timbres, coordinación, balance dos instrumentos, recheos e solos. Interpretación con metrónomo, claqueta e bases pregravadas. Desenvolvemento e aplicación dos ritmos básicos.

C7. Pequena percusión: desenvolvemento da técnica específica dos diferentes instrumentos e aplicación dos ritmos propios do nivel.

C8. Lectura, memoria e improvisación: desenvolvemento da lectura á primeira

vista, interpretación de memoria e improvisación aplicadas ao repertorio do curso.

C9. Repertorio orquestral e de banda: preparación e interpretación de fragmentos representativos do repertorio correspondente ao nivel.

C10. Didáctica da iniciación: principios básicos de postura, agarre, produción do son, técnicas elementais e metodoloxía para a iniciación ao estudo dos diferentes instrumentos de percusión.

3. 10. 3 Obxectivos mínimos 6º Curso de Grao Profesional

ME1. Caixa: 5 estudos de carácter orquestral, 3 pezas rudimentais e 1 obra do nivel.

ME2. Timbais: 4 estudos e 1 obra do nivel, demostrando control da afinación, dos cambios de pedal e das técnicas de execución traballadas.

ME3. Marimba: 3 pezas a dúas baquetas e 3 obras a catro baquetas do nivel.

ME4. Vibráfono: estudos ou obras do nivel que inclúan o emprego do pedal, técnicas de apagado e medio pedal.

ME5. Xilófono: estudos ou obras do nivel que traballen o movemento continuo, a dixitación e o control da velocidade.

ME6. *Set-up*: 3 estudos ou obras que impliquen a combinación de diferentes instrumentos e a aplicación dos recursos técnicos e interpretativos traballados.

ME7. Pequena percusión: práctica dos diferentes instrumentos acorde ao nivel e aplicación da técnica específica de cada instrumento.

ME8. Lectura, memoria e improvisación: práctica da lectura á primeira vista, interpretación de memoria e improvisación adecuadas ao nivel.

ME9. Repertorio orquestral e de banda: preparación e interpretación de fragmentos representativos do repertorio correspondente ao nivel.

ME10. Didáctica da iniciación: coñecemento e aplicación dos aspectos básicos necesarios para explicar e orientar a iniciación técnica nos diferentes instrumentos de percusión.

3. 10. 4 Criterios de avaliación 6º Curso de Grao Profesional

CA1. Interpretar as obras e estudos programados demostrando un elevado dominio técnico e musical dos contidos traballados durante o curso.

CA2. Controlar a calidade sonora nos diferentes instrumentos, adecuando o tipo de golpe, a zona de son, a articulación, os matices e os recursos técnicos ás características de cada obra.

CA3. Interpretar estudos e obras para caixa e timbais demostrando dominio dos rudimentos, do redobre, da dixitación, da afinación, dos cambios de pedal e das diferentes técnicas de execución.

CA4. Interpretar obras para marimba, vibráfono e xilófono demostrando dominio das técnicas específicas de cada instrumento e controlando a independencia entre melodía e acompañamento, o movemento continuo, o pedal, o apagado, a dixitación e a velocidade, segundo corresponda.

CA5. Resolver con autonomía as dificultades técnicas e interpretativas propias do *set-up*, controlando a coordinación, o balance entre instrumentos, os matices, os cambios de baquetas, a elección dos timbres e a adaptación ás características do repertorio.

CA6. Interpretar repertorio de pequena percusión, orquestral e de banda aplicando correctamente as técnicas específicas de cada instrumento e adaptándose ás necesidades interpretativas do conxunto.

CA7. Mostrar unha elevada autonomía fronte á partitura, analizando as obras e establecendo criterios propios para identificar e resolver as dificultades técnicas e musicais.

CA8. Aplicar hábitos de estudo eficaces e demostrar capacidade de autocrítica,

avaliando o propio traballo e establecendo estratexias autónomas de mellora.

CA9. Interpretar en público o repertorio traballado demostrando control técnico, musical e escénico, capacidade de concentración e adaptación ás características dos diferentes estilos.

CA10. Interpretar obras en directo e en formacións de conxunto mostrando precisión rítmica, capacidade de escoita, coordinación, equilibrio sonoro e coñecemento global da estrutura e das características da obra.

CA11. Aplicar principios didácticos básicos para explicar e orientar correctamente os aspectos técnicos fundamentais da iniciación ao estudo dos diferentes instrumentos de percusión.

CA12. Mostrar unha actitude responsable, autónoma e comprometida ante o traballo individual e colectivo, respectando o traballo dos demais e participando activamente no proceso de aprendizaxe.

3. 10. 5 Recursos didácticos

A continuación, enumero un material bibliográfico orientativo de referencia que reúne as condicións axeitadas para a adquisición dos contidos deste curso a través do seu estudo. A profesora será a encargada de seleccionar aqueles recursos que mellor se adapten ao alumnado atendendo aos criterios pedagóxicos que estime máis oportunos.

CAIXA Métodos/Estudos-obras	Modern rudimental swing solos. Wilcoxon: páx. 20, 21, 26, 27 Avanced studies. M.Peters(pag: 1- 10) 13 Snare Drum Studies (E. Kopetzki) Suite para caixa de S.Fink Doce estudios para tambor militar. J. Delécluse (1-5)

	Concert Suit for Snare Drum (E.Kopetzki) As pezas son orientativas.
TIMPANI Métodos/Estudos-obras	Sonata (J.Beck) Tribal Serenade (J. Beck) Theme and Variations (M. Floyd) Cultura física diaria do timbaleiro Orchestral studies for timpani (N. Woud) Graded Music for Timpani (Hathway & Wright) Grade 7-8 As pezas son orientativas.
MARIMBA Métodos/Estudos-obras	Method of Movement for Marimba (L.H. Stevens) Restless, Musser nº 9 e nº 10 Estudio nº 1 de P. Smadbeck Two Movements for Marimba (T. Tanaka) Virginia Tate (P. Smadbeck) Rainbow (R. Oetomo) The Art of Thangka (E. Uchiyama) Land (Takatsugu Muramatsu) Hombre d'Août (E. Sammut) Rhythm Song (P. Smadbeck) Sara's Song (M. Burritt) As pezas son orientativas.

VIBRÁFONO Métodos/Estudos-obras	Kaleidoscopie (Arthur Lipner) Crystal Mallet (Arthur Lipner) Blues for Gilbert (Glentworth) Mirror from another (D. Friedman) As pezas son orientativas.
SET-UP Estudos/obras	French Suite (W. Kraft) Dualités (A. Miyamoto) Inspirations Diabolique (R. Tagawa) Nomad (T. Gauger) Side by Side (M. Kitazume) The Love of L'Histoire (Delancey) Top-Tanz (E. Kopetzki) The Art of Bop Drumming (J. Riley)

4. Metodoloxía

4.1 Organización do tempo e do espazo

É importante que o alumnado coñeza e interiorice o ritmo e a rutina habitual das clases, así como a organización do espazo no que estas se desenvolven. No que respecta ao tempo, e tendo en conta que a especialidade de percusión implica o traballo con numerosos instrumentos ao longo dunha mesma sesión, establecerase unha estrutura de clase estable que permita ao alumnado coñecer a secuencia habitual de traballo e organizar o tempo de maneira eficiente. Procurarase, polo tanto, establecer unha rutina na que se

combinen o quentamento, o traballo técnico e a interpretación das obras e estudos programados, adaptando esta secuencia ás necesidades de cada nivel e sesión.

Do mesmo xeito, fomentarase a puntualidade e a entrada ordenada na aula, así como a preparación previa do material necesario para a clase: baquetas, partituras, instrumentos e demais elementos de traballo. Esta organización permitirá optimizar o tempo da sesión e, ao mesmo tempo, favorecerá a adquisición progresiva de hábitos de estudo e de responsabilidade por parte do alumnado.

No que se refire ao espazo, procurarase que cada instrumento e material dispoña dun lugar específico, empregando para iso estantes, caixóns, soportes e ganchos que permitan a súa correcta organización e fácil localización. Esta disposición facilitará o desenvolvemento das clases e permitirá preparar e recoller o material de maneira áxil e ordenada, especialmente tendo en conta as necesidades derivadas doutras materias como Música de Cámara ou Orquestra.

A organización e o coidado do espazo de traballo formarán parte, así mesmo, da formación do alumnado como percusionista, fomentando hábitos de orde, responsabilidade, autonomía e respecto polo material propio e colectivo.

4.2 Principios metodolóxicos

A metodoloxía da materia de Percusión basearase nun enfoque activo, participativo e interdisciplinario, procurando establecer conexións entre os contidos propios da especialidade e os das demais materias do currículo. Deste xeito, favorecerase unha aprendizaxe musical global e coherente, evitando a fragmentación dos coñecementos e permitindo ao alumnado comprender as relacións existentes entre os diferentes ámbitos da súa formación musical.

A creatividade constituirá, así mesmo, un principio metodolóxico fundamental. Fomentarase que o alumnado participe activamente na súa propia

aprendizaxe mediante a experimentación, a investigación e a creación musical. Neste sentido, a improvisación terá un papel relevante, xa que permitirá explorar diferentes posibilidades sonoras, rítmicas e expresivas, favorecendo o desenvolvemento da iniciativa persoal e a descuberta progresiva da propia musicalidade.

A actividade práctica será outro dos principios fundamentais da metodoloxía, dado o carácter eminentemente práctico da especialidade. A adquisición das habilidades técnicas e musicais realizarase principalmente a través da práctica instrumental, procurando que esta sexa consciente, progresiva e orientada á consecución dos obxectivos establecidos. Buscarase, ademais, manter a motivación do alumnado e presentar as actividades de maneira variada e atractiva, aproveitando as posibilidades que ofrece a atención individualizada propia das ensinanzas de Percusión.

A atención individual permitirá adaptar o proceso de ensino e aprendizaxe ás características, necesidades e ritmo de evolución de cada alumno ou alumna. Esta proximidade favorecerá, ademais do desenvolvemento das capacidades musicais e instrumentais, a adquisición de valores e actitudes fundamentais para a formación integral do alumnado, como o respecto, a tolerancia, a responsabilidade, a cooperación e a capacidade de escoita.

Estes valores traballaranse tanto no contexto da clase individual como nas actividades de carácter colectivo, especialmente nas interpretacións en grupo, nas que o alumnado deberá aprender a escoitar e respectar as intervencións dos demais, asumir diferentes funcións dentro do conxunto e contribuír de maneira responsable ao resultado musical colectivo.

4.3 Métodos didácticos

a) **Método de proxectos:** formularanse situacións prácticas relacionadas coa preparación e realización de concertos ou outras actividades musicais nas que o alumnado deba planificar e resolver diferentes necesidades, como a selección, preparación ou, cando proceda,

construción de instrumentos e materiais. Deste xeito, favorecerase a autonomía, a capacidade de organización e a responsabilidade do alumnado, achegándoo a situacións que se poden producir no exercicio real da profesión musical.

b) **Método científico:** presentarase o alumnado ante situacións ou problemas relacionados cos contidos da materia que deberá analizar, investigar e resolver. Nalgúns casos, poderá asumir o papel de docente, explicando e demostrando determinados contidos ou procedementos instrumentais. Para iso, deberá buscar a información necesaria, seleccionar os argumentos pertinentes e xustificar as súas conclusións, favorecendo así a comprensión profunda e a consolidación das aprendizaxes.

c) **Aprendizaxe por descubrimento:** proporanse situacións nas que o alumnado, a partir da experimentación, da observación e da análise, poida chegar de maneira progresiva ás conclusións e aos procedementos que se pretenden traballar. En lugar de ofrecer sempre a solución de maneira directa, facilitaranse os medios necesarios para que poida comprobar, contrastar e valorar diferentes posibilidades. Con este proced

4. 4 Profesorado

O labor da profesora como guía e comunicadora terá unha especial relevancia no proceso de ensino e aprendizaxe. Procurarase crear un ambiente de confianza, respecto e seguridade na aula, no que o alumnado poida expresar as súas dificultades, necesidades e inquietudes con liberdade. Para iso, a profesora terá en conta as características e circunstancias individuais de cada alumno ou alumna, procurando establecer unha relación próxima e baseada no respecto mutuo, sen renunciar ao rigor, á responsabilidade e á esixencia propios do proceso educativo.

A profesora asumirá un papel de guía e acompañamento, orientando o alumnado na adquisición progresiva de autonomía e evitando que a súa función

se limite á mera transmisión de coñecementos. Presentarase a aprendizaxe como un proceso compartido no que o alumnado deberá asumir progresivamente un papel activo e responsable. Neste sentido, fomentarase o diálogo e a reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe, permitindo que cada alumno ou alumna coñeza a súa evolución, identifique as súas dificultades e desenvolva progresivamente a capacidade de autoavaliación.

O respecto deberá estar presente en todo momento na relación entre a profesora e o alumnado. Do mesmo xeito, fomentarase a participación activa do alumnado nas actividades propostas e nas diferentes dinámicas da aula, favorecendo que se sinta parte do seu propio proceso formativo e da vida do centro. Sempre que sexa posible, teranse en consideración as súas opinións, propostas e iniciativas, especialmente aquelas relacionadas coas actividades musicais e co seu proceso de aprendizaxe.

Así mesmo, fomentarase o traballo colectivo mediante audicións, exposicións e outras actividades de carácter grupal que permitan compartir coñecementos e experiencias musicais. Estas propostas contribuirán, ademais, ao desenvolvemento da capacidade de escoita, á valoración do traballo dos demais e á adquisición de hábitos de colaboración e respecto.

Finalmente, a actuación da profesora estará baseada nunha concepción positiva do erro como parte natural do proceso de aprendizaxe. Procurarase que as dificultades e os erros se convertan en oportunidades para analizar, rectificar e mellorar, valorando os progresos do alumnado e reforzando de maneira positiva o esforzo, a constancia e a superación das dificultades. Deste xeito, favorecerase un clima de aula motivador no que o alumnado poida avanzar con seguridade e confianza nas súas propias capacidades.

4. 5 Contextos de aprendizaxe

Neste apartado teranse en conta diferentes factores que poden influír no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, prestando especial atención á motivación e ás condicións nas que se desenvolve o estudo individual.

Motivación. A motivación do alumnado estará condicionada por diferentes factores, entre os que se atopa o propio traballo realizado na aula. A profesora procurará favorecer unha actitude positiva cara á aprendizaxe, propoñendo actividades adaptadas ás características, intereses e necesidades de cada alumno ou alumna e valorando de maneira positiva os seus progresos.

Será igualmente importante ter en conta a relación da materia de Percusión coas demais materias do currículo. Procurarase establecer conexións entre os diferentes ámbitos da formación musical, de maneira que o alumnado poida comprender a utilidade e a complementariedade dos coñecementos adquiridos e evite percibir o estudo instrumental como un proceso illado. A participación en actividades musicais colectivas e a relación co contorno educativo e familiar poderán contribuír tamén a reforzar a motivación e o compromiso do alumnado coa súa formación musical.

Condicionantes do estudo. Para favorecer un estudo instrumental eficaz, orientaremos o alumnado na adquisición de hábitos de traballo axeitados. Incidirase na importancia dunha correcta organización do tempo de estudo, da regularidade na práctica, do aproveitamento eficiente do tempo dispoñible e do coidado da postura durante a práctica instrumental.

Segundo as necesidades de cada alumno ou alumna, poderán propoñerse diferentes estratexias de organización, como a elaboración de táboas ou plans de estudo, a distribución equilibrada das tarefas ou o establecemento dunha rutina de traballo. Tamén se fomentarán hábitos de vida que favorezan o benestar e a dispoñibilidade para a práctica musical, como un descanso axeitado e a realización regular de actividade física.

Todos estes aspectos contribuirán a que o alumnado desenvolva progresivamente hábitos de estudo autónomos e eficaces. A continuidade e a regularidade na práctica serán fundamentais para consolidar os coñecementos e habilidades adquiridos e para favorecer unha evolución progresiva no dominio do instrumento.

5. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece a realidade educativa. No ámbito educativo, a súa atención require unha intervención docente flexible e adaptada ás diferentes características, necesidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

É un feito que o alumnado que accede ao conservatorio presenta diferenzas individuais. Non todos os alumnos e alumnas aprenden ao mesmo ritmo nin presentan as mesmas capacidades, experiencias ou intereses, polo que será necesario adaptar a práctica docente ás características e necesidades de cada persoa.

5.1. Criterios de atención á diversidade

Para dar resposta á diversidade desde a clase de Percusión teranse en conta os seguintes criterios:

1. Empregar materiais e recursos curriculares abertos e flexibles que permitan diferentes estratexias para acadar os obxectivos propostos.
2. Ter en conta as diferenzas individuais detectadas na avaliación inicial, como os coñecementos previos, os intereses, a experiencia musical e as destrezas adquiridas.
3. Respectar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna.
4. Diversificar as actividades e as estratexias metodolóxicas para facilitar a consecución dos obxectivos, buscando alternativas cando unha determinada proposta non resulte adecuada.
5. Personalizar, na medida do posible, a resposta educativa ante as diferentes necesidades que poidan presentarse.
6. Propoñer actividades de diferente dificultade e adaptar o repertorio e as tarefas ao nivel e ás características de cada alumno ou alumna.
7. Fomentar unha pedagoxía baseada no progreso, valorando os logros

individuais e o proceso de aprendizaxe.

8. Potenciar o traballo das actitudes e dos valores, favorecendo o respecto, a convivencia e a valoración das diferenzas.

A atención á diversidade constitúe un elemento fundamental para garantir unha educación musical inclusiva e de calidade. Neste sentido, a presente programación establece medidas e recursos que, en consonancia cos demais documentos do centro, permitan adaptar o proceso de ensino e aprendizaxe ás características e necesidades do alumnado.

5.2. Alumnado con discapacidade

A LOE establece na súa disposición adicional segunda, punto 2, que a Administración educativa adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade, respectando, en todo caso, os obxectivos establecidos na normativa correspondente.

Desde a especialidade de Percusión, adoptaranse as medidas metodolóxicas e organizativas necesarias para facilitar a participación e o progreso do alumnado con discapacidade, realizando, cando proceda, as adaptacións necesarias nos recursos, actividades, tempos, materiais e procedementos de ensino, de acordo coas súas necesidades e coa normativa vixente.

6. Temas transversais

6.1. Educación en valores

Tal e como establece a normativa educativa, determinados valores e contidos deben estar presentes de maneira transversal no proceso de ensino e aprendizaxe. Na especialidade de Percusión, estes aspectos integraranse nas actividades e dinámicas propias da materia, adaptándoos ás características do alumnado e ás posibilidades que ofrece a práctica instrumental.

A) **Educación ambiental.** Poderanse realizar actividades relacionadas coa construción de instrumentos de percusión a partir de materiais reutilizados ou reciclados, co obxectivo de fomentar a conciencia ambiental e a importancia da reutilización dos materiais. Así mesmo, traballarase a importancia do silencio e do control da emisión sonora, relacionándoos co respecto polo contorno e coa prevención da contaminación acústica. O silencio entenderase tamén como unha norma básica de respecto cara ás persoas que están falando ou interpretando música.

B) **Educación para a saúde.** Fomentaranse hábitos adecuados para a práctica instrumental, prestando especial atención á postura corporal, á respiración, á relaxación e ao uso correcto do instrumento. Estes aspectos relacionaranse coa importancia de manter hábitos de vida saudables que favorezan o benestar físico e mental e o desenvolvemento dunha práctica musical segura e eficiente.

C) **Educación para a paz e a tolerancia.** A práctica musical, especialmente nas actividades de carácter colectivo, ofrece numerosas oportunidades para traballar valores como o respecto, a tolerancia, a cooperación e a convivencia. A diversidade de instrumentos e tradicións presentes na percusión permitirá achegar o alumnado a diferentes culturas e formas de expresión musical, favorecendo o coñecemento e a valoración da diversidade cultural. Poderanse empregar audicións, vídeos e outros recursos para coñecer instrumentos de percusión procedentes de diferentes tradicións musicais.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

7.1. Actividades da especialidade de Percusión

Ao longo do curso organizaranse, como mínimo, dúas audición. Nestas actividades participará o alumnado como mostra do traballo realizado durante o curso, interpretando as obras ou estudos seleccionados pola profesora, tanto

de maneira individual como en formacións de grupo.

Estas actividades terán como finalidade favorecer a experiencia escénica, a preparación do repertorio, a capacidade de concentración e a participación activa do alumnado na vida musical do centro.

7.2. Actividades extraescolares

O alumnado de Percusión poderá participar nas actividades extraescolares e complementarias organizadas desde a especialidade ou polo propio centro, como cursos, seminarios, asistencia a concertos, visitas didácticas, intercambios con outros centros ou outras actividades relacionadas coa formación musical.

A participación nestas actividades terá carácter voluntario e estará orientada a complementar a formación recibida na aula, ampliar as experiencias musicais do alumnado e favorecer o coñecemento doutras realidades e contextos relacionados coa práctica instrumental.

8. Procedemento de avaliación

A avaliación será continua, formativa e integradora. Para a cualificación final tomaranse como referencia os criterios de avaliación (CA) de cada curso, coa seguinte ponderación unificada:

8.1. Criterios de cualificación

Tanto no Grao Elemental como no Grao Profesional, a cualificación establecerase atendendo aos seguintes ámbitos, aplicados aos criterios de avaliación correspondentes a cada curso:

- **Criterios técnicos (40 %):** dominio técnico do instrumento, coordinación, control das diferentes técnicas de execución, adecuación postural e aplicación dos recursos técnicos ao repertorio.

- **Criterios musicais e interpretativos (40 %):** calidade sonora, precisión rítmica, musicalidade, adecuación estilística, interpretación e aplicación dos recursos musicais ao repertorio.

- **Criterios actitudinais (20 %):** interese, responsabilidade, participación, autonomía, constancia no estudo, aproveitamento das indicacións da profesora e respecto polo traballo propio e dos demais.

9. Probas de acceso

9.1. Proba de acceso a 1.º curso de Grao Profesional

9.1.1 Contidos da proba de acceso a 1.º curso de Grao Profesional

A proba de acceso tomará como referencia os **obxectivos (O), contidos (C), mínimos esixibles (ME) e criterios de avaliación (CA) establecidos para 4.º curso de Grao Elemental**, como nivel previo ao acceso a 1.º curso de Grao Profesional.

No exame interpretaranse **tres pezas correspondentes a diferentes instrumentos de percusión**, seleccionadas entre as obras orientativas que se indican a continuación. Será obrigatoria a interpretación dunha obra de caixa e doutra de láminas. A terceira peza poderá corresponder a timbais ou *set-up*.

Obras orientativas:

- **Caixa:** a escoller entre os cinco últimos estudos do método IV de M. Jansen e *Snare Drum Studies, Vol. I* de S. Fink (n.º 63-80).

- **Timbais:** a escoller entre os cinco últimos estudos do método IV de M. Jansen.

- ***Set-up*:** a escoller entre os cinco últimos estudos do método IV de M. Jansen. *Estudos Progresivos de Multipercusión* de S. Pelejero (24-27), *Fata Morgana* de E. Kopetzki.

- **Láminas:** a escoller entre os cinco últimos estudos do método IV de M. Jansen, *Play Percussion: 50 Short Pieces for Tuned Percussion* de K. Bartlett e *Funny Mallets* de N. J. Zivkovic.

Unha das tres pezas, seleccionada polo alumnado, deberá ser interpretada de memoria.

O tribunal poderá realizar unha breve proba de **lectura á primeira vista**, coa finalidade de valorar a capacidade de lectura e resposta ante unha proposta musical non preparada previamente.

9.2. Probas de acceso a outros cursos

9.2.1. Contidos da proba de acceso a 2.º curso de Grao Elemental

No exame interpretaranse tres pezas correspondentes a diferentes instrumentos de percusión, das cales dúas serán obrigatoriamente de caixa e marimba, respectivamente, e a terceira poderá corresponder a outro dos instrumentos indicados a continuación. As obras serán seleccionadas entre as que se indican como orientativas para a proba.

Obras orientativas:

- **Caixa:** a escoller entre as cinco últimas do Volume I de M. Jansen, *Snare Drum... 1, 2* de E. Kopetzki e *Snare Drum Studies, Vol. I* de S. Fink.

- **Timbais:** a escoller entre as cinco últimas do Volume I de M. Jansen.

- ***Set-up*:** *Estudos Progresivos de Multipercusión* de S. Pelejero (1-9), *Dinos Dance* de E. Kopetzki.

- **Láminas:** a escoller entre as cinco últimas do Volume I de M. Jansen e *Funny Mallets* de N. J. Zivkovic.

9.2.2. Contidos da proba de acceso a 3.º curso de Grao Elemental

No exame interpretaranse tres pezas correspondentes a diferentes instrumentos de percusión, das cales dúas serán obrigatoriamente de caixa e marimba, respectivamente, e a terceira poderá corresponder a outro dos instrumentos indicados a continuación. As obras serán seleccionadas entre as que se indican como orientativas para a proba.

Obras orientativas:

- **Caixa:** a escoller entre as cinco últimas do Volume II de M. Jansen, *Drum... 1, 2* de E. Kopetzki e *Snare Drum Studies, Vol. I* de S. Fink.
- **Timbais:** a escoller entre as cinco últimas do Volume II de M. Jansen.
- ***Set-up*: *Estudos Progresivos de Multipercusión*** de S. Pelejero, *Dinos Dance* de E. Kopetzki.
- **Láminas:** a escoller entre as cinco últimas do Volume II de M. Jansen e *Funny Mallets* de N. J. Zivkovic.

9.2.3. Contidos da proba de acceso a 4.º curso de Grao Elemental

No exame interpretaranse tres pezas correspondentes a diferentes instrumentos de percusión, das cales dúas serán obrigatoriamente de caixa e marimba, respectivamente, e a terceira poderá corresponder a outro dos instrumentos indicados a continuación. As obras serán seleccionadas entre as que se indican como orientativas para a proba.

Obras orientativas:

- **Caixa:** a escoller entre as cinco últimas do Volume III de M. Jansen, *Snare Drum Studies, Vol. I* de S. Fink e *Flaming Snare* de E. Kopetzki.
- **Timbais:** a escoller entre as cinco últimas do Volume III de M. Jansen.

- ***Set-up*: *Estudos Progresivos de Multipercusión*** de S. Pelejero, ***Fata Morgana*** de E. Kopetzki.

- **Láminas:** a escoller entre as cinco últimas do Volume III de M. Jansen e *Funny Mallets* de N. J. Zivkovic (VIII, IX, XI, XIII e XIV).

9.2.4. Contidos da proba de acceso a 2.º curso de Grao Profesional

No exame interpretaranse tres pezas correspondentes a diferentes instrumentos de percusión, das cales dúas serán obrigatoriamente de caixa e marimba, respectivamente, e a terceira poderá corresponder a outro dos instrumentos indicados a continuación. As obras serán seleccionadas entre as que se indican como orientativas para a proba.

Obras orientativas:

- **Caixa:** a escoller entre as cinco últimas do Volume V de M. Jansen e *Intermediate Studies for Snare Drum* de M. Peters.

- **Timbais:** a escoller entre as cinco últimas do Volume V de M. Jansen e seis estudos de *Graded Music for Timpani, Grades 3-4* de I. Wright.

- ***Set-up*: *Etude #2 for Two Toms & Snare Drum*** de M. Peters, ***Beat Box*** de E. Kopetzki.

- **Láminas:** a escoller entre as cinco últimas do Volume V de M. Jansen, *Baobab* de E. Kopetzki e *Graded Music for Keyboard Percussion, Book II* de K. Hathway.

9.2.5. Contidos da proba de acceso a 3.º curso de Grao Profesional

No exame interpretaranse tres pezas correspondentes a diferentes instrumentos de percusión, das cales dúas serán obrigatoriamente de caixa e marimba, respectivamente, e a terceira poderá corresponder a outro dos

instrumentos indicados a continuación. As obras serán seleccionadas entre as que se indican como orientativas para a proba.

Obras orientativas:

- **Caixa:** a escoller entre as cinco últimas do Volume VI de M. Jansen e *Intermediate Studies for Snare Drum* de M. Peters.
- **Timbais:** a escoller entre as cinco últimas do Volume VI de M. Jansen e tres estudos de *Graded Music for Timpani* de I. Wright.
- ***Set-up*: *Rondo*** de M. Peters, *Beat Box* de E. Kopetzki.
- **Láminas:** a escoller entre as cinco últimas do Volume VI de M. Jansen e *Marimba Joy, Vol. I* de E. Kopetzki.

9.2.6. Contidos da proba de acceso a 4.º curso de Grao Profesional

No exame interpretaranse tres pezas correspondentes a diferentes instrumentos de percusión, das cales dúas serán obrigatoriamente de caixa e marimba, respectivamente, e a terceira poderá corresponder a outro dos instrumentos indicados a continuación. As obras serán seleccionadas entre as que se indican como orientativas para a proba.

Obras orientativas:

- **Caixa:** *Intermediate Snare Drum Studies* de M. Peters, *Modern Rudimental Swing Solos* de C. Wilcoxon.
- **Timbais:** cinco estudos de *Graded Music for Timpani* de I. Wright.
- ***Set-up*: *Introduction and Waltz*** de M. Peters.
- **Marimba:** *Marimba Joy* (Vol. I-II) de E. Kopetzki, *Yellow after the Rain* de M. Peters, *Graded Music for Keyboard Percussion, Book III* de K. Hathway.

- **Vibráfono:** *Dampening and Pedaling* de D. Friedman (1-4).

9.2.7. Contidos da proba de acceso a 5.º curso de Grao Profesional

No exame interpretaranse tres pezas correspondentes a diferentes instrumentos de percusión, das cales dúas serán obrigatoriamente de caixa e marimba, respectivamente, e a terceira poderá corresponder a outro dos instrumentos indicados a continuación. As obras serán seleccionadas entre as que se indican como orientativas para a proba.

Obras orientativas:

- **Caixa:** *Intermediate Snare Drum Studies* de M. Peters, *Modern Rudimental Swing Solos* de C. Wilcoxon.
- **Timbais:** *Graded Music for Timpani, Book 5-6* de I. Wright.
- ***Set-up*:** *Groove Yard* de E. Kopetzki, *Nomad* de T. Gauger.
- **Marimba:** *Marimba Joy*, Vol. I e II, de E. Kopetzki, *Tecoma* de W. Städler, *Dance of the Witches* de E. Kopetzki, *Galactica* de M. Peters, *Furioso & Vals* de E. Hatch.
- **Vibráfono:** *Three Songs for Vibraphone* de E. Kopetzki.

9.2.8. Contidos da proba de acceso a 6.º curso de Grao Profesional

No exame interpretaranse tres pezas correspondentes a diferentes instrumentos de percusión, das cales dúas serán obrigatoriamente de caixa e marimba, respectivamente, e a terceira poderá corresponder a outro dos instrumentos indicados a continuación. As obras serán seleccionadas entre as que se indican como orientativas para a proba.

Obras orientativas:

- **Caixa:** *Intermediate Snare Drum Studies* de M. Peters, *13 Studies for Snare Drum* de E. Kopetzki.
- **Timbais:** *Graded Music for Timpani, Book 5-6* de I. Wright.
- ***Set-up*:** *The Love of L'Histoire* de C. Delancey, *Dualités* de A. Miyamoto.
- **Marimba:** *Etude in C major, Opus 6, n.º 10* de C. O. Musser, *Ghanaia* de M. Schmidt, *Tune for Mary'O* de R. O'Meara, *Marimba Meeting I* de E. Kopetzki.
- **Vibráfono:** *Two Latin Songs for Vibraphone* de E. Kopetzki, *Ballade de Nala* de P. Mendez, *Mirror from Another* de D. Friedman, entre outras.

9.2.9. Criterios de avaliación e cualificación

CA1. Realizar unha interpretación musical de calidade, acorde ás esixencias técnicas e musicais da proba e ao nivel correspondente.

CA2. Presentar un programa coherente e adecuado aos contidos e ao nivel establecidos para a proba de acceso.

CA3. Interpretar un programa que inclúa obras de diferentes épocas e/ou estilos, cunha dificultade acorde ao nivel correspondente.

Os criterios de avaliación e cualificación serán comúns ás probas de acceso aos diferentes cursos e aplicaranse de acordo co nivel correspondente a cada proba:

Para a cualificación da proba teranse en conta os seguintes aspectos:

- **Dominio técnico (25 %):** control dos agarres, coordinación, baquetación, dixitación, articulación, velocidade e demais recursos

técnicos necesarios para a execución do repertorio. Relacionado principalmente co **CA1**.

- **Calidade e control sonoro (25 %):** produción e control do son, homoxeneidade, dinámica, articulación e adecuación sonora ás características de cada instrumento e obra. Relacionado co **CA1**.

- **Calidade musical e interpretativa (25 %):** realización do fraseo, a agóxica e a dinámica indicadas na partitura, precisión rítmica e temporal, expresividade, equilibrio dos planos sonoros e adecuación estilística. Relacionado principalmente co **CA1** e **CA3**.

- **Adecuación e coherencia do programa (25 %):** adecuación do repertorio aos contidos e ao nivel da proba, variedade de instrumentos, épocas e/ou estilos e coherencia global do programa presentado. Relacionado co **CA2** e **CA3**.

No caso de realizarse unha breve proba de **lectura á primeira vista**, esta terá carácter complementario e poderá ser valorada polo tribunal para mellorar a cualificación final, sen constituír un requisito obrigatorio da proba.

9.3. Probas extraordinarias

9.3.1. Convocatoria extraordinaria de xuño

A convocatoria extraordinaria de xuño para o alumnado que non supere a materia consistirá na interpretación das obras ou estudos que lle resten para completar os mínimos establecidos na programación do curso e que estarán recollidos no informe de materia non superada.

A proba realizarase ante un tribunal composto por varios membros. O tribunal seleccionará, entre as obras ou estudos indicados no informe, aqueles que considere necesarios para comprobar o grao de adquisición dos obxectivos, contidos e mínimos correspondentes ao curso, garantindo a presenza dos diferentes instrumentos traballados.

O alumnado deberá interpretar, como mínimo, unha obra ou estudo de memoria, de libre elección entre os incluídos no programa que debe presentar.

Contido das probas:

- **1.º a 4.º curso de Grao Elemental:** *1 obra ou estudo de láminas (marimba, 2 baquetas), 1 estudo ou obra de caixa e 1 obra ou estudo de timbais ou set-up, de acordo coa lista de obras de referencia do curso correspondente.*

- **1.º curso de Grao Profesional:** 1 obra de marimba a 2 baquetas ou 1 obra de marimba a 4 baquetas, 1 obra ou estudo de timbais, 1 obra ou estudo de *set-up* e 1 obra ou estudo de caixa, de acordo coa lista de obras de referencia do curso.

- **2.º curso de Grao Profesional:** 1 obra de marimba a 2 baquetas, 1 obra de marimba a 4 baquetas, 1 obra ou estudo de timbais, 1 obra ou estudo de *set-up* e 1 obra ou estudo de caixa, de acordo coa lista de obras de referencia do curso.

- **3.º a 6.º curso de Grao Profesional:** 1 obra de marimba a 2 baquetas, 1 obra de marimba a 4 baquetas, 1 obra ou estudo de timbais, 1 obra ou estudo de *set-up*, 1 obra ou estudo de vibráfono e 1 obra ou estudo de caixa, de acordo coa lista de obras de referencia do curso.

9.3.2. Criterios de cualificación

A cualificación da proba establecerase tomando como referencia os criterios de avaliación correspondentes ao curso e seguindo os mesmos bloques establecidos no procedemento xeral de avaliación:

- **Criterios técnicos: 40 %.** Valoraranse o dominio das técnicas de execución, a coordinación, a baquetación e a precisión na interpretación.

- **Criterios musicais e interpretativos: 40 %.** Valoraranse a calidade e o

control sonoro, o fraseo, a agóxica, a dinámica, a articulación, a adecuación estilística e a interpretación do repertorio.

- **Criterios actitudinais: 20 %.** Valoraranse a preparación do repertorio, a autonomía, a concentración, a capacidade de resposta ante as dificultades e a actitude durante a realización da proba.

9.4. Acceso a outros cursos

No caso de que un alumno ou alumna solicite o acceso a un curso diferente do que lle corresponde por continuidade académica, deberá preparar os contidos e o repertorio establecidos para o curso inmediatamente inferior ao que pretenda acceder.

A proba realizarase ante un tribunal composto por varios membros e o seu desenvolvemento e criterios de valoración serán os establecidos para as probas de acceso correspondentes.

9.4.1. Criterios de cualificación

A cualificación establecerase tomando como referencia os criterios de avaliación establecidos para a proba de acceso correspondente, valorando o dominio técnico e musical, a calidade sonora, a adecuación do repertorio e a capacidade interpretativa do alumnado.

9.5. Ampliacións

É competencia da dirección do centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación da profesora, así o solicite, de acordo cos criterios establecidos pola normativa vixente e polo propio centro.

Para solicitar a ampliación de matrícula será requisito indispensable realizar e superar unha proba instrumental que permita comprobar a adquisición dos obxectivos, contidos e mínimos esixibles correspondentes ao curso que se pretende superar.

A proba realizarase ante un tribunal composto por varios membros. O alumnado interpretará unha selección de obras ou estudos escollidos pola profesora entre os establecidos na programación do curso que pretende superar, garantindo a presenza dos diferentes instrumentos traballados no mesmo.

9.5.1. Criterios de cualificación

A cualificación da proba establecerase tomando como referencia os criterios de avaliación correspondentes ao curso que se pretende superar e valorando os seguintes aspectos:

- **Dominio técnico: 40 %.** Valoraranse o dominio das técnicas de execución, a coordinación, a precisión e o control dos diferentes instrumentos.
- **Calidade musical e interpretativa: 40 %.** Valoraranse a calidade e o control sonoro, o fraseo, a dinámica, a articulación, a adecuación estilística e a interpretación do repertorio.
- **Autonomía e capacidade de resposta: 20 %.** Valoraranse a preparación do repertorio, a autonomía na interpretación, a concentración e a capacidade para resolver as dificultades técnicas e musicais que se presenten durante a proba.